



Sección de Lingua / Seminario de Onomástica

Toponimia de Tordoia

Lidia Gómez e Luz Méndez

Colección Terra Nomeada



Asociación Galega de Onomástica



REAL ACADEMIA GALEGA

Lidia Gómez Martínez

Luz Méndez

Toponimia de Tordoia

Consello de redacción
da colección **Terra Nomeada**

Ana Boullón (Real Academia Galega, Universidade de Santiago de Compostela)

Luz Méndez (Real Academia Galega)

Gonzalo Navaza (Real Academia Galega, Universidade de Vigo)

Antón Palacio (Real Academia Galega, Universidade de Vigo)

Edita:

Real Academia Galega

© Real Academia Galega

© Lidia Gómez Martínez

© Luz Méndez

Fotografía da cuberta:

Real Academia Galega

Fotografías:

© Lidia Gómez

© Concello de Tordoia

© Real Academia Galega

Mapa:

© Ángel Duarte Campos

Xeosfera.com

Maquetación:

Real Academia Galega

Impresión:

Lugami Artes Gráficas

Infesta, 96. 15319 Betanzos

ISBN: 978-84-17807-11-5

Depósito Legal: C 75-2022

<https://doi.org/10.32766/rag.386>



**REAL
ACADEMIA
GALEGA**



**Deputación
DA CORUÑA**



Ós meus avós e avoas, os que aínda están e os que xa non;
Deles herdo a lingua e o amor á terra.

Lidia Gómez

Ós homes e mulleres de Tordoia,
que lles puxeron nomes ós seus lugares e nolos legaron.

Luz Méndez

Introdución

O concello de Tordoia sitúase no centro da provincia da Coruña e ten 124,55 km² distribuídos en dez parroquias. Intégrase na comarca de Ordes e limita ao norte cos concellos de Cerceda e Carballo, ao leste con Ordes e Oroso, ao oeste con Santa Comba e Coristanco e ao sur con Val do Dubra e Trazo. Os datos máis recentes (IGE 2019) establecen a súa poboación en 3.299 habitantes.

O terreo que abrangue o concello é unha penachira situada ao oeste da serra de Montemaior, unha área considerada de transición entre a costa e o interior de Galicia, aínda que moitas das influencias litorais xa se perderon (Pazo 1987, p. 23). A altitude media do municipio é elevada e constante (arredor dos 400-500 metros sobre o nivel do mar), aínda que destaca a inclinación do terreo, non de forma abrupta senón suave, de oeste a leste. Con todo, atopamos certos altos que destacan neste conxunto de carácter chairego: o monte Castelo (569 m), en Anxeriz, que serve de divisoria de augas coa conca do Xallas; de noroeste a sueste, na parte máis meridional, atopamos, na parroquia de Viladabade, os altos dos Pelados (497 m), A Forca (530 m), Cíán (471 m), A Areosa (462 m) xa en Cabaleiros, e A Medorra (425 m). O norte do municipio, onde se sitúan as parroquias de Bardaos e Andoio, é moito mais suave, sen altos de importancia; pola contra, as parroquias de Santaia de Gorgullos, Leobalde e Numide, as máis orientais, presentan unha altitude media máis baixa, aínda que con ondulacións máis acusadas. É dicir, o territorio que compón o municipio é una meseta ondulada de xeito uniforme, propicia para a ocupación humana.

A antigüidade do poboamento do territorio do concello é un feito: atopamos diversos restos prehistóricos, como numerosos castros (senalados acotío pola propia toponimia) e tamén outro tipo de construcións coma o dolmen de Cabaleiros ou A Pedra Longa. O dolmen de Cabaleiros, coñecido como A Casa da Moura, foi declarado Monumento Histórico-Artístico no ano 1975 e trátase dun exemplo de arquitectura funeraria do período neolítico en moi bo estado de conservación; componse dunha cámara poligonal aberta con corredor diferenciado en planta e alzado. A Pedra Longa é un conxunto de pedras situadas nun alto no lugar de Seixán. A pedra principal ten forma de menhir, monumento prehistórico megalítico ao cal se lle atribúen funcións diversas, como marcar límites territoriais ou exercer de centro en cerimonias relixiosas, especialmente nas de carácter funerario.

Fóra destes monumentos, no concello de Tordoia hai tamén diversas construcións relixiosas, igrexas, ermidas, capelas e cruceiros, entre os que predomina o estilo barroco, aínda que moitas delas só conserven da súa traza orixinal uns poucos elementos.

No Antigo Réxime, as parroquias do concello estaban comprendidas nas xurisdicións de Vilaprego (Andoio, Bardaos, Cabaleiros e Tordoia), Xallas (Anxeriz), Montaos (Castenda da Torre, Leobalde, Numide) e Rus (Viladabade); todas de señorío secular agás Rus, que pertenceu ao mosteiro de San Martiño Pinario; as parroquias de Santaia de Gorgullos e Arcai —esta hoxe desaparecida e incluída na primeira— constituían no século XVIII o couto redondo de Arcai, o que as dotou de certa independencia.

No terreo eclesiástico, todas as parroquias pertencen ao arciprestado de Ordes, agás Tordoia, que na actualidade se suprimiu, e Anxeriz, que corresponde ao arciprestado de Bergantiños.

A capital municipal atópase dende mediados do século XX na Pontepedra, parroquia de Cabaleiros, aínda que, cando se constituíu o concello, en 1838, a súa sede estaba na parroquia de Tordoia e entremedias no lugar de Seixán, tamén en Cabaleiros. Segundo Pazo Labrador, o feito de que fosen capitais municipais influíu no crecemento destes núcleos, particularmente o da Pontepedra, que adquiriu características urbanas ao atraer sucursais bancarias e o grupo escolar.

A *Geografía rural del municipio de Tordoya* (Pazo 1987) é o estudo máis minucioso sobre o concello de Tordoia feito ata o de agora e o que serve de base para redactar esta introdución, especialmente no referente aos datos xeográficos e aos poboacionais dende o inicio do século XX. Tras a emigración masiva de galegos e galegas cara a América do Sur a finais do século XIX, na primeira metade do XX a poboación do concello de Tordoia medra amparada polo desenvolvemento agrícola e o retorno de emigrantes de países coma Cuba, Uruguai, Arxentina, México ou Brasil. Porén, entre os anos cincuenta e os oitenta do século XX prodúcese un novo descenso da poboación que pode relacionarse con novas vagas migratorias cara a países de Latinoamérica (especialmente Venezuela), Europa (Suíza, Alemaña ou Inglaterra, entre outros) mais tamén como resultado do coñecido como éxodo rural ou o movemento migratorio do rural cara a ámbitos de carácter urbano. Pazo Labrador sinala na súa obra como aspectos positivos da emigración a conversión, modernización e mercantilización da gandería e a agricultura, piares económicos do concello aínda hoxe en día. Dende finais dos anos oitenta do século pasado, a poboación do municipio viuse reducida case á metade. A seguinte táboa amosa os datos tomados do IGE:

Evolución da poboación do Concello de Tordoia

1986	1999	2009	2019
6.096	5.106	4.339	3.299

Elaboración propia a partir de datos do IGE

Co tempo, xurdiron en Tordoia novas entidades de poboación, de creación recente, que non están incorporadas oficialmente entre os núcleos do concello; ademais tamén se recollen nos nomenclátors e dicionarios antigos nomes de lugar que hoxe tampouco están rexistrados no nomenclátor oficial, ben porque quedaron deshabitados ou ben porque eses lugares se consideran integrados noutros núcleos. En fontes antigas, por exemplo, rexistramos *Iglesia*, en Andoio e Bardaos, ou *Iglesia (La)* en Leobalde; *Carroucho* en Anxeriz; *Vilela* en Cabaleiros; *Carballo Verde*, *Corredoira* e *Vilarosenzo* (é un probable erro por *Vilaescuro*) en Castenda; *Curro* e *Cobelo* (grafia errada por *Covelo*) en Gorgullos; *Barroso* tamén en Leobalde; *Corredoira*, *Tordoia de Arriba* e *Trasque* en Tordoia e *Barreiros*, *Candendo*, *Curro* e *Pazo* na Viladabade. De entre estes topónimos, incorporamos a esta obra aqueles cuxa existencia puidemos confirmar.

Neste concello tamén encontramos, do mesmo xeito que sucede nalgunha outra zona de Galicia, entidades intermedias resultado da agrupación de varias aldeas ou lugares, aínda que non sempre os veciños de Tordoia que nos informaron coinciden en cales pertencen a cada unha. Ademais, no Nomenclátor figuran, cando o fan, ao mesmo nivel ca as entidades singulares, feito que se intentará subsanar en edicións posteriores. Nas entradas correspondentes, sinálanse estas supraentidades¹.

Desde un punto de vista lingüístico, o concello de Tordoia está no límite entre os bloques dialectais occidental e central, o que casa co expresado anteriormente respecto ao carácter de transición entre a costa e o interior galego. A meirande parte do territorio sitúase na coñecida como área lingüística de Bergantiños, aínda que as parroquias máis orientais poden presentar trazos correspondentes á área de transición do bloque central e, en concreto, á microsubárea Ordes-Terra de Montes, pois a vila de Ordes actúa, agás para os trámites administrativos propios do concello, como centro urbano de referencia, especialmente para as parroquias máis meridionais como Santaia de Gorgullos, Numide e Leobalde. Destacan tres fenómenos: a gheada, o seseo a final de sílaba e palabra e os resultados da terminación latina -ANU e -ANA.

- A gheada é un fenómeno fonético que consiste na realización do fonema oclusivo velar sonoro [g] como fricativa ou aspirada, polo que os topónimos grafados con <g> como *Gorgullos* ou *A Pontraga* son pronunciados como

¹ Se o lector ou a lectora quere colaborar na identificación destas entidades ou facer calquera suxestión, pode escribir a toponimia@academia.gal.

Ghorghullos ou *A Pontragha*. Ademais, cando o fonema [g] aparece despois de nasal, hai territorios, como o que estamos a estudar, nos que se realiza como [k], e así *Abonko* é a realización de *Abongo*.

- Por outra banda, o seseo consiste na substitución do fonema interdental [θ] polo alveolar [s]; dependendo da posición do fonema dentro da sílaba distinguimos entre o seseo explosivo (ó comezo da sílaba), propio dos territorios máis occidentais de Galicia, e o implosivo (ó final da sílaba), característico das terras do interior das provincias da Coruña e Pontevedra. Aínda que tanto gheada como seseo non adoitan ser representados na escrita, na toponimia maior do concello de Tordoia atopamos nomes de lugar que reflicten o seseo implosivo como *Brandaris*; porén, é un fenómeno que tamén afecta a outros grafados con <z> como *Anxeriz* ou *A Cruz*.
- Por último, atopamos nestas terras a alternancia das solucións -ao e -án para os sufixos latinos -ANU e -ANA en topónimos como *Bardaos* fronte a *Burgán* ou *O Fontán*.

Explicación dalgúns termos

antropotopónimo: s.m. Nome de lugar que ten como orixe un antropónimo ou nome de persoa.

asimilación: s.f. Modificación dun son para asemellalo a outro da mesma palabra.

corónimo: s.m. Nome de lugar dun territorio, dunha rexión ou área.

epentético, -a: adx. Relativo ou pertencete á epéntese ‘adición dun son no interior dunha palabra’.

étimo: s.m. Termo considerado como a orixe doutro; cando se propón como étimo unha palabra hipotética, que non está documentada pero que se deduce pola evolución xeral da lingua, indícase cun asterisco (*).

etimoloxía: s.f. Disciplina lingüística que estuda as orixes e evolucións, tanto de forma como de significado, das palabras. Tamén se usa como sinónimo de *étimo*.

fitotopónimo: s.m. Nome de lugar que garda relación coa vexetación.

gótico: s.m. lingua da rama xermánica oriental que falaron os godos.

haxiotopónimo: s.m. Nome de lugar referido a un santo ou santa ou que garda relación con cuestións relixiosas.

metátese: s.f. Alteración da posición dun fonema dentro da palabra.

microtoponimia: s.f. Conxunto dos nomes que designan fenómenos xeográficos ou lugares non habitados e o seu estudo; coñécese tamén como toponimia menor, en oposición á toponimia maior, ou *macrotoponimia* que é o estudo dos nomes das entidades de poboación.

orotopónimo: s.m. Nome de lugar que garda relación co relevo do terreo.

poseedor: s.m. Propietario ou propietaria de algo; os topónimos coñecidos como “nomes de poseedores” fan referencia ou conteñen o nome persoal, normalmente de orixe latina ou xermánica, do antigo propietario ou propietaria das terras.

sincoar: s.f. Desaparecer un son vocálico no interior dun termo.

sintagma toponímico: Nome de lugar que está formado por unha unidade maior que a palabra, normalmente frases ou grupos de palabras.

topónimos opacos: s.m. Nomes de lugar cunha orixe etimolóxica ou cun significado difícil de establecer.

únicum: adx. Único; esta forma latina emprégase na toponimia para designar nomes de lugar dos cales só existe un exemplo, isto é, non se repiten en todo o territorio.

Parroquias e lugares do concello de Tordoia

Nesta relación de topónimos recóllense, distribuídas por parroquias, as entidades de poboación do concello tal como figuran no *Nomenclátor de Galicia* (NG). En cursiva, indícanse aqueles nomes que non figuraban, estaban por erro ou que constaban de forma diferente á pronuncia local, isto é, que non coinciden coas actuais formas oficiais aprobadas pola Xunta de Galicia, e que xa se propuxeron para seren corrixidos en posteriores edicións.

Andoio (San Mamede)

Altiboa, A

Ambroa

Baldaio

Bouzarán

Casal, O

Castiñeiro, O

Folgueira, A

Fornelos

Lestido, O

Pazos, Os

Rego, O

Samede

Anxeriz (Santa Mariña)

Abres

Brandoñas de Abaixo

Brandoñas de Arriba

Casas Novas, As

Empalme, O

Folgueira de Abaixo, A

Folgueira de Arriba, A

Niño do Corvo

Pazo, O

Pedrasalgueira, A

Pispieiro

Pousadoiro, O

Rapadoiro, O

Ribeiro, O

Torre, A

Vilasal

Bardaos (Santa María)

Abeleira, A

Albán

Arcai

Barral, O

Bouzas, As

Brandarís

Cabanelas

Campo Soandres

Castro, O

Cerdeiras, As

Fontañas, As

Frixoi

Nabal Vello, O

Nogueira, A

Outeiro, O

Pedrouzo, O
Penedo, O
Petón, O
Picota, A
Rabo de Lobo
Santiavedra
Tablilla, A
Uces, As
Vilamartín
Vilaprego
Vilar, O

Cabaleiros (San Xián)

Areosa, A
Balsa, A
Bedrobe
Carballadrade
Casais
Casaldabade
Castrillón
Costa, A
Monte Vello, O
Oleiros
Penelas
Pontepedra, A
Revolta, A
Salgueiroas
Seixán
Soufe
Tañe
Vilar, O
Vilarchán

Castenda da Torre (Santa María)

Abeleiras, As
Borreiros
Bouzamerelle
Campo de Millo
Carballal, O
Castro, O
Cruz do Carballal, A
Malvares
Pobanza, A
Saboi

Tarroeira
Torna, A
Torre, A
Vilarescuro
Vilar

Leobalde (San Cristovo)

Abongo
Méixome
Paradela

Numide (Santiago)

Baluga, A
Belvís
Castro, O
Liñariño, O
Liste
Paínza, A
Pontraga, A
Regueiro, O

Tordoia (San Xoán)

Campo de Arriba, O
Eirexe, A
Formarigo
Pereiro Vello, O

Santaia de Gorgullos (Santaia)

Arcai de Abaixo
Buba, A
Buño
Burgán
Castro
Croto, O
Cruxeira, A
Guillufe
Pazos
Pintán
Pontes, As
Portociños
Raña
Reboredo
Santaia
Torre, A

Vilarbó

Vilartarreo

Viladabade (San Cibrán)

Aboi

Barral, O

Batán, O

Campo da Feira, O

Candendo, O

Carballal, O

Carballeira de Abaixo, A

Carballeira de Arriba, A

Casal da Devesa, O

Castro, O

Cerdeiras, As

Codesal, O

Costa, A

Costa do Muíño, A

Cruxeira, A

Cruz, A

Eirexe, A

Fontán, O

Outeiro, O

Paraños, Os

Pedregais, Os

Pereira, A

Petón, O

Piñeiro

Sares

Tercio de Arriba, O

Tercio de Abaixo, O

Tibiáns

Vilar, O

Vimieira, A

Outros elementos xeográficos

Carballo Verde (entidade menor)

Carroucho, O (entidade menor)

Casa da Moura, A (dolmen)

Cián, O (monte)

Dubra (río)

Forca, A (monte)

Lengüelle (río)

Medorra, A (monte)

Pedra Longa, A (anta)

Pelados, Os (monte)

Vilela (entidade menor)

Abeleira, A

Lugar da parroquia de Bardaos

Abeleiras, As

Lugar da parroquia de Castenda da Torre

O substantivo galego *abeleira* deriva do latín *abellāna* ‘abelá’ mailo sufixo *-aria* e fai referencia á árbore que ten como froito a abelá, tamén chamada en Galicia *abraira*.

Os primeiros rexistros documentais que coñecemos de ambos os topónimos datan de finais do século XVI. Así, no caso do topónimo de Bardaos, *A Abeleira*, figura como parte dunha cadea onomástica nun documento de 1582 conservado no Arquivo Histórico da Universidade de Santiago: *Alonso d’Abeleira, vezino de la feligresía de Santa María de Bardaos*. Pola súa parte, o lugar de Castenda da Torre rexistrámolo citado como *lugares que se dizen dos Avelleiraas* nun documento do ano 1591 custodiado no Arquivo da Catedral de Santiago e, uns anos máis tarde, en 1600, como *lugar dos Abeleiros* noutro documento, este do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago. Estas formas apuntan a un étimo distinto ao do topónimo actual: a forma *Avelleiraas* proviría de *abeleira* co plural do sufixo abundancial *-al*; *Os Abeleiros* supón un masculino inusual para o nome desta árbore. Logo non o volvemos atopar ata o século XIX, no dicionario de Madoz, xa coa forma actual *Abeleiras*, pero sen artigo.

Sen máis documentación antiga que poida confirmar que houbo algunha alteración na forma orixinal, cremos prudente interpretar que as formas máis antigas documentadas poden ser erros do copista, se é que non houbo outros lugares con eses nomes na parroquia ou conviviron denominacións alternativas motivadas pola mesma realidade botánica: a abundancia de abeleiras.

Hai arredor de trescentas ocorrencias do apelido *Abeleira* en Galicia pero ningunha en Tordoia, polo que o apelido actual ha de provir con bastante seguridade doutros lugares chamados así en Galicia. A forma plural, *Abeleiras*, está a piques

de desaparecer e, como o topónimo se repite noutros cinco concellos coruñeses, non podemos saber cal xerou o apelido.

Aboi

Lugar da parroquia de Viladabade

Este topónimo pertence ao grupo dos denominados topónimos de posesor; xurdiu a partir dunha locución tipo (VILLA) AVIOLI, este último xenitivo do nome medieval *Aviolus* ou *Avolus*, formado co diminutivo do latín *avus* ‘avó’. De aí procede tamén *Vilaboi* (Valdoviño), pero sen a elisión do primeiro elemento.

O lugar de Tordoia chamado *Aboi* rexístrase, se non antes, polo menos desde 1525 nun documento do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago en que se fala da “leyra d’*Aboy*, syta en el lugar d’*Aboy*, felegresía de San Cibraoo de Villadabade”.

Outros lugares denominados *Aboi* atopámoslos nos concellos de Frades, Muxía, Antas de Ulla e Caldas de Rei; neste último residen o maior número de persoas apelidadas *Aboy*, cunha forma gráfica antiga que se mantivo por influencia do castelán. En Tordoia hoxe non hai persoas que leven este apelido.

Abongo

Lugar da parroquia de Leobalde

Abongo é un topónimo escuro, seguramente prerromano. Podería estar emparentado con outros topónimos galegos coma *O Abollo* e *Abonxo* e co asturiano *Aboño*, que Edelmiro Bascuas cre que conteñen a raíz hidronímica indoeuropea **awer* ‘humedecer, mollar, fluír’.



Abongo

O rexistro documental máis antigo que atopamos deste topónimo, un único en Galicia, é nun texto de 1549 custodiado no Arquivo Histórico da Universidade de Santiago onde se mencionan o *lugar y casal d'Abongo*.

O apelido castelanizado *Abonjo* non provén dunha forma con gheada deste topónimo, senón, con case toda certeza, de *Abonxo*, topónimo do concello de Vila de Cruces, onde o levan maior porcentaxe de persoas.

Abres

Lugar da parroquia de Anxeriz

Este nome de lugar considérase de orixe prerromana e, segundo Bascuas, contén a raíz hidronímica indoeuropea **Ab-*, co significado de 'auga' ou 'río'.

Seguramente o topónimo sexa o que figura como complemento onomástico no nome de *Fernando* ou *Fernán Díaz de Abres*, mencionado en documentos de 1563 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago e do Arquivo da Catedral de Santiago, onde tamén encontramos citada nun documento de 1592 *la aldea de Abres* na freguesía de Santa Marina d'Anxeriz.

Ademais, un topónimo semellante forma parte do composto *A Ría de Abres*, nome dunha parroquia do concello de Trabada, lindeira co concello de fala galega de *San Tiso d'Abres*, en Asturias.

Albán

Lugar da parroquia de Bardaos

Albán podería proceder do xenitivo dun nome de posesor de orixe latina, *Albanus*, talvez derivado do adxectivo de cor ALBUS. Algúns autores, non obstante, relacionano cun elemento prerromano hidronímico ou oronímico *Alba*, a partir dunha raíz preindoeuropea **alb-*, co significado de 'altura' que se confunde con *alv-* proveniente da tamén indoeuropea **el* 'fluír', pero esta hipótese é menos fiable e presenta dúbidas etimolóxicas.

Dado que hai varios lugares chamados así en Galicia —nos concellos de Sarria, A Pastoriza, Coles e Ribadumia—, non podemos ter certeza de a cal se refire un documento ourensán de 1457, en que figura como complemento onomástico no nome dunha das testemuñas, *Johán d'Albán*. Con todo, de 1734 consérvase un texto no Arquivo do Reino de Galicia en que participan veciños da desaparecida parroquia de Arcai (véxase) e da de Bardaos, sobre a *recobración* deste lugar de Albán, daquela xa na freguesía de Bardaos.

O apelido *Albán* non se rexistra na actualidade neste concello, polo que seguramente non provén deste nome de lugar e si dalgún dos outros homónimos de Galicia.

Altiboa, A

Lugar da parroquia de Andoio

Este topónimo podería proceder da unión dos adxectivos *alta* (do latín ALTA), en relación co lugar elevado en que se atopa, e *boa* (do latín BŎNA), aínda que non podemos descartar outras etimoloxías, como que o segundo elemento proveña de VOLAT, de *volare* ‘voar’, quizais a partir do adxectivo latino ALTÍVOLUS ‘que se eleva a gran altura’, o cal esixiría un cambio de acento, pois en orixe era esdrúxulo.

Co mesmo nome de *Altiboa* hai dous lugares nas parroquias de Artes e Entrecruces, ambas e dúas pertencentes ao concello de Carballo, e tamén temos *A Altiboia* en Ordes e *Altabón*, en Campañó, Pontevedra, seguramente emparentados. Ademais, na microtoponimia rexistramos *A Altiboa* en Arzúa, *A Pedra Altiboa* no Pino e a *Rúa da Altiboia* en Santiago de Compostela. Que o topónimo se repita fai pensar que quizais proveña dun termo con algún significado específico que descoñecemos.

Nun texto de 1457, do *Libro de Notas de Álvaro Pérez*, notario de Rianxo, cítase na zona da Barbanza unha *chousa do Altivõo* e unha *viña de Altabõo*. Puidera ser a mesma *chousa de Altiboa*, sita en Cespón, Boiro, que se recolle no rexesto dun documento de 1566 do Arquivo Histórico Universitario.

Xa do século seguinte, de 1523, gárdase tamén no Arquivo Histórico Universitario un documento que menciona un *casal que se dize d’Altiboya*, en Deixebre (Oroso), que parece o mesmo dunha carta de aforamento de 1593; hoxe non está recollido como entidade de poboación no *Nomenclátor de Galicia* (NG).

Ademais, figura o “lugar y heredade que se dize d’*Altiboya*, sito en la felegresía de San Gens d’Entrecruces” nun documento de 1587 conservado no Arquivo da Catedral de Santiago. Finalmente, tamén nun documento do século XVIII, se cita o lugar de *Trasouteiro de Altiboa* (hoxe só Trasouteiro), na parroquia de Brión (San Fins), no concello do mesmo nome.

O topónimo de Tordoia, no entanto, non o encontramos documentado ata 1752 no Catastro de Ensenada como *sitio de Altiboya*. Para as próximas edicións do *Nomenclátor de Galicia*, recuperárase o artigo que leva o topónimo: “Están na Altiboa”.

A persistencia do <y> na documentación antiga, aínda conservado no nome do lugar de Ordes e na rúa de Santiago, podería explicarse como unha vogal epentética.

Ambroa

Lugar da parroquia de Andoio

Non hai consenso sobre a etimoloxía deste topónimo. Por unha banda, unha das primeiras teorías sobre a súa orixe relaciónao co pobo prerromano dos *ambrones* que, segundo Menéndez Pidal, colonizou o noroeste da Península Ibérica, co cal o topónimo tería un valor propiamente xentilicio. Por outra banda, Bascuas afirma que a teoría de Menéndez Pidal, baseada nas colonizacións indoeuropeas,

está amplamente superada e que a vinculación de *Ambroa*, e doutros topónimos afíns, cos *ambrones* é puramente gratuíta, morfoloxicamente inconsistente e máis ben contraria ao que hoxe se sabe da expansión dese pobo. Para este último autor, *Ambroa* derivaría do celta **ambra* ‘auga’, para o cal tamén argumenta que o lugar se atopa entre varias correntes de auga pequenas e rodeado de topónimos de orixe hidronímica.

Ambroa dá nome tamén a unha parroquia no concello de Irixoa e a outro lugar na parroquia de Cabovilaño, na Laracha. A parroquia de Irixoa está xa atestada como *Ambrona* no século VIII, pero non puidemos documentar inequivocamente o lugar de Tordoia ata 1523, nun texto que se garda no Arquivo Histórico Universitario en que participa *Alonso de Ambroa*, veciño da parroquia de Andoio.

O apelido *Ambroa* presenta algo máis de 250 ocorrencias en Galicia e, aínda que ningunha no concello de Tordoia, si nos limítrofes Cerceda e Carballo, polo que este lugar de Tordoia puido ser a orixe dalgúns dos apelidos actuais, pois na antigüidade, como acabamos de ver, formaba parte de cadeas onomásticas.

Andoio (San Mamede)

Parroquia de Tordoia

O topónimo *Andoio* é un únicum de orixe e significado descoñecidos. Podería estar relacionado con outros nomes de lugar como *Bormoio*, en Coristanco, *Leiloio*, en Malpica de Bergantiños ou mesmo *Baldaio*, lugar da parroquia homónima, que conteñen todos o sufixo prerromano *-io*.

O primeiro rexistro documental que encontramos da parroquia, no Tombo A da Catedral de Santiago, é do ano 924, e cítase como *in Montanos villas Andogio cum ecclesia Sancti Mametis...* (en Montaos, as vilas Andoio, coa igrexa de San Mamede...). Xa como *sancto Mamete de Andoyo*, coa forma actual e grafía medieval, atopámolo nun texto de 1272 do convento de San Martiño Pinario.

Sobre a advocación, véxase máis adiante a entrada *Samede*.

Anxeriz (Santa Mariña)

Parroquia de Tordoia

Joseph Piel e Dieter Kremer, estudosos dos antropotopónimos de orixe xermánica, cren que o nome desta parroquia provén do xenitivo do nome dun posesor *Ansericus*, formado polos elementos *Ans-*, relacionado con semideuses góticos, e *-ricus* ‘forte, poderoso’.

Segundo o *Nomenclátor de Galicia*, o topónimo é tamén nome de parroquia e lugar en Friol e de dúas aldeas de Alfoz do Castro de Ouro e Oourol, esta última con artigo, *A Anxeriz*. Algún dos topónimos lugueses está documentado no século XI como *Anseriz*.

O nome da parroquia de Tordoia menciónase como *Santa Mariña d'Ansariz*, se non antes, en 1398, como *Santa Mariña d'Anseriz* en 1401, e, xa coa forma moderna e o *s* palatalizado, *Santa Mariña de Anxeriz*, en 1523; todas estas atestacións proceden de textos do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago.

O apelido *Angeriz*, que rexistra 147 ocorrencias en concellos das áreas de Bergantiños e da Coruña, seguramente provén deste nome de Tordoia e non dos lugueses.

Santa Mariña é unha advocación frecuente nas parroquias galegas. É unha santa de identificación problemática e crese que, en ocasións, o seu culto confundíuse co de Santa María.

Arcai

Lugar da parroquia de Bardaos

Arcai de Abaixo

Lugar da parroquia de Santaia de Gorgullos

Este topónimo provén da locución (UILLA) *ARCADI(I), formada por un suposto elemento elidido e o xenitivo do nome de posesor de orixe latina *Arcadius* que, segundo Piel, evoca “a feliz Arcádia dos gregos”.

Na actualidade, ademais de a estes lugares de Tordoia, o topónimo *Arcai* soamente lle dá nome a outro lugar na parroquia de Bembibre, concello de Val do Dubra, aínda que tamén o encontramos na microtoponimia dos concellos de Brión e Cangas de Morrazo, por exemplo. Coa mesma orixe e conservando o primeiro elemento da locución proposta na etimoloxía, temos aínda *Vilarcai*, na parroquia de Esteiro, en Cedeira.

Arcai, coa advocación de Santa Susana, foi parroquia da diocese de Santiago e tamén coto medieval. O primeiro rexistro documental que puidemos localizar, *Santa Susana d'Arcay*, atópase no coñecido como *Libro do Subsidio* ou *Libro de Altamirano*, da Catedral de Santiago (GMH), e data do ano 1500. Cunha forma errada, encontrámolo en 1533 nun documento do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago polo que se arrenda *o lugar que se dize do Penedo da freguesía de Santa Susana d'Alcay* (sic). Aínda figura como parroquia no diccionario de Madoz (1846) cos lugares de *Arcay de Arriba* e *Arcay de Abajo* e, no nomenclátor da década de 1860, cos lugares de *Arcay*, *Penedo*, *Santayavedra* e *Rego de Arcay*; logo desaparece como parroquia e os seus lugares repartíronse entre as de Bardaos e Santaia de Gorgullos. No nomenclátor de 1888 só aparece o lugar de *Arcay de Abajo*, como entidade da parroquia de Santaia de Gorgullos, e así se recolle nos posteriores nomenclátors ata o de 1970.

Realmente, o actual *Arcai* de Bardaos é un corónimo que engloba os lugares de *Albán*, *O Penedo*, *O Barral* e *Santiavedra* (véxase), lugares que figuran na documentación antiga como pertencentes á parroquia, xunto a *Arcai de Abaixo* e *Arcai*

de Arriba e outros dous chamados *Salgueiro* e *A Silveira*, que hoxe non demos localizado.

Nin no concello de Tordoia nin no de Val do Dubra hai na actualidade persoas portadoras do apelido *Arcay*, graficamente castelanizado, que se estende, principalmente, polas comarcas de Bergantiños e A Coruña. Con todo, é probable que o nome do antigo couto e parroquia de Tordoia xerase o apelido.

Areosa, A

Lugar da parroquia de Cabaleiros

Do latín *ARENŌSA*, o nome fai referencia ás características xeolóxicas dun lugar, abundante en area.

A primeira atestación do nome desta localidade da parroquia de Cabaleiros atopámola nun documento do ano 1606, conservado no Arquivo da Catedral de Santiago, sobre a venda *de la mitad enteramente del lugar d'Areosa*.

O topónimo, con artigo ou sen el, dá nome a máis de dez lugares en concellos da provincia da Coruña, aínda que tamén se rexistra na de Lugo e na de Pontevedra. O apelido *Areosa*, con todo, non o leva ninguén en Tordoia.

Baldaio

Lugar da parroquia de Andoio

Este nome de lugar parece ser o mencionado como *Valdani* nun texto do Tombo A da Catedral de Santiago do ano 924, o mesmo en que tamén, como se dixo, aparece citado Andoio (*Andogio*). Xa que se recolle con outras *villas* formadas polo xenitivo dun nome persoal (*villas prenominatas... Valdani, Teudiscli, Inuolati, et aliam Proami*), poderíamos interpretalo como tal, aínda que non rexistramos ningún *Baldanus/Valdanus* nos repertorios de nomes da antigüidade e, ademais, habería que explicar o <o> final pois o resultado esperado sería *Baldán* ou *Baldai*.

En documentación posterior, do ano 1282, rexístrase cunha forma semellante á actual nunha cadea onomástica: *Johanne Petri de Valdayo, clerico chori mindoniensis*. Xa o vemos escrito con *B-* a finais da Idade Media: *Afonso de Baldayo* a.1435 (TMILG). Malia as formas con *V-* máis antigas, cremos que seguramente se deba descartar un composto do latín *VALLE* ‘val’ mais un segundo elemento.

O topónimo *Baldaio* é único en Galicia como nome de entidade de poboación, pero denomina tamén unha lagoa e unha praia de Carballo. Se ten orixe nun nome de persoa, quizais podería relacionarse con *Baldarís* (Curtis e A Estrada) e *Baldaríz* (Cartelle e Punxín), que, segundo Piel e Kremer, derivan da raíz xermánica *Bald*, do gótico **balth-* ‘atrevido, valente’. Así e todo, tamén podería emparentarse con topónimos prerromanos que conteñen o sufixo *-io*: *Lemaio, Sestaio, Noaio, Tabeaio* etcétera. O máis probable, con todo, é que sexa un hidrónimo prerromano. Cabeza

Quiles, considérao unha variante de *Bardaio* (Cores, Ponteceso) e que contén a raíz indoeuropea **bar* ou **var* ‘auga’.

Balsa, A

Lugar da parroquia de Cabaleiros

Provén do substantivo *balsa*, unha palabra común ao castelán, catalán e a algúns dialectos occitanos. Segundo Corominas, é unha voz hispánica prerromana que ten o significado de ‘oco do terreo que se enche de auga’.

Na documentación antiga atopamos este topónimo empregado nunha cadea onomástica dun documento de Santa María de Belvís do ano 1328, relativa a *Juan da Balsa* que ten posesións en Vilarchao, na *frygresia de San Giau dos Cavalleiros*.

A *Balsa* é nome de parroquia en Triacastela e Muras, e nome de lugar, con artigo ou sen el, en concellos das provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra. Como apelido, *Balsa* conta no propio concello de Tordoia con 35 ocorrencias, e tamén ten presenza nos veciños de Trazo, Ordes e Oroso, talvez con orixe neste lugar de Tordoia.

Baluga, A

Lugar da parroquia de Numide

A orixe deste topónimo, que tamén encontramos na microtoponimia doutros concellos de Galicia (Foz, Vimianzo, Avión...) podería ser o sobrenome dun antigo propietario, alcume de identificación dubidosa pero que seguramente data da época medieval, en que está ben documentado, polo menos desde o século XII en textos do mosteiro de Toxosoutos (*Martinus Baluga, Pelagio Cresconii dicto Baluga, Petrus Baluga*); sería entón resultado dunha elisión nunha locución do tipo *A (terra de) Baluga*.

En canto ao significado, *baluga* figura nos dicionarios como ‘pela, bóla de manteiga ou de unto’, ‘masa compacta de calquera material coa forma da pela de manteiga’, co cal estaríamos ante un alcume que ironiza sobre a fasquía da persoa a quen se lle atribúe. A etimoloxía deste termo é escura, talvez o latín *BALLUCA*, variante de *ballux* ‘pebida de ouro’.

Tamén se rexistra a palabra *baluga* na Idade Media co significado de ‘borceguín, calzado que chega máis arriba do nocello’, que se podería usar metaforicamente para sinalar a forma dun terreo estreito e alongado (compárense outros topónimos como, por exemplo, *A Manga*). Con todo é unha voz que só se rexistra unha vez e de difícil etimoloxía.

Este nome de lugar de Tordoia non figura aínda na versión actual do NG e tampouco foi posible atopar rexistros na documentación antiga, seguramente por ser lugar recentemente habitado e, polo tanto, pouco mencionado nos textos. Propúxose a súa inclusión en posteriores edicións do nomenclátor.

O apelido *Baluja*, con grafía castelá que reflicte a gheada, rexístrase con máis de duascenas ocorrencias repartidas entre o concello de Santiago de Compostela, o de máis portadores, e outros lindeiros.

Bardaos (Santa María)

Parroquia de Tordoia

Bardaos é un nome de lugar aínda escuro, sobre o que hai varias hipóteses, non sempre válidas, para a súa orixe etimolóxica. É tamén o nome de dúas parroquias do concello do Incio e doutra de San Sadurniño. A hipótese máis probable do significado deste topónimo é a que presenta Nicandro Ares, que rexistra as parroquias luguesas como *Barradaos* e *Barretanos*, polo que cre que poderían corresponderse cun xeniticio aplicado a persoas procedentes dun lugar chamado *Barredo*, abundancial de ‘barro’. Con todo, non se rexistra *Barredo* en ningunha área próxima ao concello de Tordoia.

O rexistro máis temperán do topónimo, aínda que sen termos certeza plena de que sexa relativo a este de Tordoia, é un *Bardanos* citado en documentación de Soandres de data controvertida, pero non posterior ao século IX. Si é con seguridade esta parroquia a mencionada como *Santa María de Bardaas* nun documento de 1515 e como *Santa María de Bardáns* noutro de 1551, os dous conservados no Arquivo Histórico da Universidade de Santiago. As vacilacións no resultado da terminación débense a que esta é unha zona de transición entre os resultados do sufixo latino -ANU/-ANA (*irmán/irmao; irmá/irmán*).

Canto á advocación da parroquia, *María*, o nome da Virxe, provén do hebreo *Maryam* (ou *Miriam*), que en orixe crese que é de procedencia exipcia e que está emparentado co verbo *mrj* ‘amar’, e chegou a nós a través do latín *MARIAM*. Santa María é a advocación máis abundante nas parroquias de Galicia.

Barral, O

Lugar da parroquia de Bardaos

Lugar da parroquia de Viladabade

Barral é un substantivo do léxico común que fai referencia a lugares en que se forma ou abunda o barro. Respecto da etimoloxía do substantivo común *barro*, Bascuas relaciónao con **Bharr-*, derivado da raíz hidronímica indoeuropea **Bher-* que ten o significado de ‘brotar, fluír, brillar’.

O primeiro rexistro deste topónimo do concello de Tordoia, que antigamente pertencía á desaparecida parroquia de Arcai (véxase) e hoxe á de Bardaos, localízámolo en 1557 nun foro sobre o *lugar do Barral* ou *Barral de Abajo* que se conserva no Arquivo Histórico da Universidade de Santiago. Noutro documento deste mesmo arquivo de 1561 rexistrámolo como “casal que se dize *do Barral*... sito en el lugar de Santayabedra” (véxase *Santiavedra*). O lugar da parroquia de Viladabade figura xa nunha cadea onomástica, *Pedro do Barral*, dun documento do Arquivo

da Catedral de Santiago de 1542 e tamén se menciona como lugar “que se dize y nombra do *Varral*” que pertencera ao defunto *Alonso do Barral*, nun documento de 1582 do mesmo arquivo.

O NG rexistra numerosos lugares nomeados *Barral* por todo o territorio, con artigo ou sen el, así como os compostos *O Barral de Arriba* e *O Barral de Abaixo* (Viveiro, Mañón e Abegondo), *Barral de Cima* (Mondoñedo) e *O Barral Alto* (Monfero). Ademais, *Barral* é un apelido relativamente frecuente en Galicia, aínda que non teña ocorrencias no concello de Tordoia.

Batán, O

Lugar da parroquia de Viladabade

A Real Academia Galega define o termo *batán* como ‘aparello de madeira, construído xeralmente nun curso de auga, que consta duns mazos que ao se moveren alternativamente pola acción da auga, van batendo os tecidos fabricados nos teares para desengraxalos e que entupan’; é un derivado do verbo *bater*, de orixe controvertida.

Non se atopou documentación antiga sobre este nome de lugar que, de feito, non figura na versión máis actualizada do NG. Os veciños hoxe recoñéceno como un lugar independente, polo que se propuxo a súa inclusión en posteriores edicións.

Batán, con artigo ou sen el, denomina máis de trinta lugares nas catro provincias galegas, aínda que é máis frecuente nas do norte. Como apelido non está presente no concello de Tordoia nin nos dos arredores.

Bedrobe

Lugar da parroquia de Cabaleiros

Bedrobe, segundo Piel, seguramente sexa un derivado do xenitivo do nome *Vetrovius/Vitrovius*, nome dunha *gens* romana. Este autor infórmanos de que era un fenómeno relativamente normal que, en época tardía, tras o colapso do sistema onomástico, os xentilicios se convertesen en nomes propios.

Con todo, Moralejo Lasso, con dúbidas, tamén apunta a unha posible orixe prerromana deste nome de lugar, que podería conter, a partir dunha forma orixinaria **Bedobre*, o elemento *-obre* proveniente do cético *-briga* ‘altura fortificada, castro’.

O primeiro documento en que puidemos localizar este topónimo, un únicum, é un texto de 1380 do convento de Santa María de Belvís, en que figura como *villa de Bedrove*.

Belvís

Lugar da parroquia de Numide

Este topónimo presenta, de entrada, unha variante respecto da súa forma fónica, pois aínda que no NG aparece a forma *Belvís*, os seus habitantes alternan esta con

Balvís. É unha vacilación común nas entidades de poboación con este nome, que xa rexistraron varios autores. As dúas formas, *Balvís* e *Belvís*, son variantes que se cre que teñen a súa orixe na locución latina *BELLU VISU ‘bela vista’, aínda que cunha evolución irregular quizais a partir dunha forma provenzal, aplicada a lugares elevados que permiten observar unha extensa paisaxe.

O lugar de *Belvís*, sito en la feligresía de Santiago de Numide, en Tordoia encontrámolo mencionado por primeira vez no rexesto dun documento do ano 1554 conservado no Arquivo da Catedral de Santiago, documento que non puidemos consultar. Na documentación posterior non o localizamos ata o nomenclátor de 1888, en que figura tamén como *Belvís*, forma que mantivo como tradición gráfica.

O topónimo está presente ademais nos concellos de Carral, Touro e O Carballiño e é o nome dun barrio de Santiago de Compostela, na valgada do monte Viso, onde está o convento de *Belvís*; non podemos descartar que este lugar de Tordoia recibise o nome do deste convento quizais posuidor estas terras, xa que tamén tiña pertenzas, por exemplo, en Bedrove (véxase). A variante *Balvís* repítese oito veces en Galicia.

A forma *Balvís* é a única que ten aínda certa incidencia como apelido (*Belvís* está a piques de desaparecer ou xa o fixo) e mantense fundamentalmente no concello de Ourense e no de San Cibrao das Viñas, aínda que o único topónimo na provincia ourensá é *Belvís*, no Carballiño, o que proba unha vez máis a vacilación entre as dúas variantes. O topónimo do concello de Tordoia parece que non xerou o apelido.

Borreiros

Lugar da parroquia de Castenda da Torre

Este nome de lugar é, nalgún caso, un derivado de *borra* ‘sedimento, pouso’, voz de orixe prerromana, e ten relación coa constitución do terreo, a partir de sedimentos xa procedentes dun curso fluvial xa de queimas ou *borreas*. Pero tamén pode



Borreiros |

ser sobrenome profesional dos primeiros habitantes do lugar, proveniente do substantivo *borreiros*, traficantes de *borra* (do latín BURRA ‘la groseira’).

A documentación máis antiga que puidemos localizar deste topónimo é do século XII e refírese ao nome dunha parroquia de Gondomar: *S. Martini de Burreiros*. O lugar de Tordoia figura inequivocamente citado nun texto de 1548 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago nunha cadea onomástica que cita a *Pedro de Borreiros*, veciño de Santa María de Castenda.

Hai en Galicia outros 18 nomes de lugar chamados así ou que conteñen esta palabra, ademais da devandita parroquia de Gondomar. O NG tamén rexistra catro topónimos *Burreiros*.

Na actualidade, o apelido *Borreiros* non ten ocorrencias en Tordoia.

Bouzamerelle

Lugar da parroquia de Castenda da Torre

Seguramente sexa un composto da voz *bouza*, de orixe prerromana, definida no DRAG como ‘terreo inculto poboado de mato, como toxos, xestas, uces etc.’ e un segundo elemento *merelle*, que debe corresponderse co resultado do xenitivo do nome *Mirellus*, derivado de *Mirus*, antropónimo de orixe xermánica. *Bouzamerelle* significaría, logo, ‘a bouza de Mirello’.

Os rexistros máis temperáns que puidemos atopar deste topónimo son de 1523, nuns documentos custodiados no Arquivo Histórico da Universidade de Santiago en que se mencionan o lugar e os casares de *Vouça Merelle* ou *Bouça Merelle*.

Bouzamerelle é un topónimo único, pero podémolo relacionar con outros como *Vilamerelle*, parroquia do concello de Guntín e lugar no de Palas de Rei, e *Merelle*, en Ordes, A Laracha, Lousame, Trazo e Arbo. Tamén parecen compostos semellantes *Bouzamelle*, en Vilalba, e *A Bouza Martín*, no concello de Ribadumia.

Bouzarán

Lugar da parroquia de Andoio

Outra vez temos un composto de *bouza* (véxase *Bouzamerelle*) mais un segundo elemento, que pode ser o oronímico prerromano *arán*, estudado por Bascuas como derivado da raíz indoeuropea **er-* ‘moverse’, ‘poñer en movemento’, que conta con especialización hidronímica. O propio autor apunta outro significado para *arán*: o de ‘val (por onde corre un torrente)’. Neste nome de lugar podemos supoñer que se perdeu un nexo entre os dous elementos, tal vez a preposición *de* (*Bouza de Arán* > *Bouzarán*).

O topónimo *Bouzarán* é único na toponimia galega e atestáse xa como lugar habitado, se non antes, no Expediente de comprobación do Catastro de Ensenada (1761-1764).

Bouzas, As

Lugar da parroquia de Bardaos

O substantivo *bouza* (véxase *Bouzamerelle*) é de orixe prerromana pero, como voz común, puido orixinar topónimos en calquera momento da historia da nosa lingua.

Aínda que topónimos semellantes xa se rexistran en documentación máis antiga, só podemos con certeza documentar por primeira vez este da parroquia de Bardaos no Expediente de comprobación do Catastro de Ensenada (1761-1764), onde se fala dunha *sebradura* no sitio chamado *As Bouzas*. Como non aparece citado entre os lugares da parroquia no dicionario de Madoz de 1846 pero si no nomenclátor de 1888, coa tipoloxía de *casas de labor*, é probable que o nacemento do lugar sexa dese período.

O apelido *Bouzas*, que en Tordoia ten moi poucos portadores, pode ter orixe en calquera dos preto de 50 lugares chamados así de Galicia.

Brandaris

Lugar da parroquia de Bardaos

Brandaris provén do xenitivo dun antropónimo medieval de orixe xermánica *Brandaricus* ou *Brandericus*, nome constituído polas raíces **brand(a)* ‘espada, fulgor’ e *rikus*, do gótico **ríkaz* ‘poderoso’.

Hoxe *Brandaris*, con seseo final, é un topónimo único, pero temos tamén rexistrada a variante sen seseo, *Brandariz*, nos concellos de Ortigueira, Agolada e Vila de Cruces, onde é o nome dunha parroquia.

É probable que a este nome de lugar de Tordoia se refira o segundo elemento da cadea onomástica *Affonso Suárez de Branderiz*, rexistrada no Tombo do mosteiro de Toxosoutos no ano 1283. Con certeza éo o segundo nome de *Alonso Gómez de Brandariz*, veciño de Santa María de Bardaos, citado nun documento de 1589 conservado no Arquivo da Catedral de Santiago.

No Expediente de comprobación do Catastro de Ensenada (1761-1764) desta parroquia figura aínda como *Brandariz*, mais no Dicionario de Pascual Madoz, en 1846, xa se rexistra a forma gráfica con seseo, *Brandaris*, que se manterá no nomenclátor de 1888 e nos posteriores ata a actualidade.

O apelido *Brandariz* hoxe en día non ten portadores no concello de Tordoia, pero si hai case corenta ocorrencias no veciño de Ordes, polo que a orixe remota deste nome de familia nese municipio podería ter orixe no nome de lugar de Tordoia.

Brandoñas de Abaixo

Lugar da parroquia de Anxeriz

Brandoñas de Arriba

Lugar da parroquia de Anxeriz

Non hai certeza sobre a orixe etimolóxica deste nome de lugar, que parece moi antigo, talvez perromano. Martínez Lema afirma que pode integrarse no substrato prelatino debido á terminación *-(o)nia / -(onias)*, á cal non lle atribúe valor específico, e que se atopa presente noutros topónimos galegos desa orixe, como *Baroña* ou *Doroña*. O autor, non obstante, non propón ningunha hipótese para a raíz do topónimo, que quizais poida ser, segundo suxire Navaza, un hidrónimo relacionado coa voz *braña*. É a presenza da devandita terminación o que leva a Martínez Lema a descartar calquera relación da forma *Brandoñas* coa serie de topónimos procedentes de nomes persoais xermánicos que conteñen o compoñente **brand(a)-* ‘espada’, como *Brandariz*, *Brandaris*, *Brandufe*, *Brandián*.

Martínez Lema tamén considera que o testemuño máis antigo do topónimo é *Blandonia*, documentado nun diploma do Tombo de Sobrado cara ao ano 989, pero cremos que non se pode afirmar con certeza plena xa por ser ese texto copia dun documento anterior, e polo tanto pode conter erros, xa porque a zona á cal se refire o texto e onde se mencionan varios topónimos, algún deles identificado por outros autores, parece que se corresponde mellor cunha área que abrangue concellos das comarcas da Coruña e Betanzos, e non co concello de Tordoia.

En documentos do século XII, principalmente do mosteiro de Toxosoutos, encontramos un segundo nome *Blandonias*, que levan varios individuos: *Martinus (Pelagii dictus) Blandonias* e o que puido ser o seu fillo, *Petrus (Martini) Blandonias*; tamén en Toxosoutos e no século XIII atopamos as mencións a *Martinus Lobo de Brandonias* e a *Maiore (Fernandi) de Brandonias*, en documentos en latín; e esta última, *Moor Fernández Brandoñas*, nun texto xa en galego. Con todo, este segundo nome das cadeas onomásticas parece que fai referencia ao topónimo homónimo da parroquia de Zas, tamén *Brandoñas*, que Pondal personificou nos seus poemas nun guerreiro celta forte e recio, escuro (moreno) e lanzal.

Buba, A

Lugar da parroquia de Santaia de Gorgullos

Os dicionarios recollen o substantivo *buba* (do latín *UPUPA*) como unha variante de *bubela* (diminutivo co sufixo *-ELLAM* do anterior) “paxaro da familia dos upúpidos, de peteiro longo e curvado, ás arredondadas e plumaxe de cor castaña rosada, coa parte inferior do lombo e o rabo raiados de branco e negro e notable crista eréctil coa punta das plumas negra”. Se esa é a procedencia do topónimo, quizais por recibir a súa primeira propietaria ese sobrenome, *A Buba* sería un zootopónimo único en Galicia e poderíamos relacionalo co topónimo *A Bubela*, lugar do concello do Carballiño, e talvez tamén con *Bubeiras*, en Amoeiro, ou *Bubaces*, en Lobios, aínda que estes tres últimos, Piel consideráos posibles derivados de *bos*, *bovis* ‘boi’.

Tamén algúns dicionarios recollen *buba* ‘vincha, inchazón na pel’, regresivo de *bubón* (do gr. *βουβών*) ‘tumor’, aínda que parece difícil o seu uso toponímico, sobre todo como voz en singular.

Encontramos o topónimo rexistrado por primeira vez no dicionario de Madoz (1846).

Buño

Lugar da parroquia de Santaia de Gorgullos

Bascuas considera que *Buño* pode ser o resultado dunha nasalización secundaria a partir da forma *Buio*. Son palabras de orixe escura que quizais conteñen unha raíz prerromana *BUD-, o que as podería emparentar con *Budiño* ou *Bueu*. Tamén hai unha voz común *buño* definida polo DRAG como “planta herbácea perenne da familia das ciperáceas, semellante ao xunco”.

O que parece unha forma antiga figura nunha cadea onomástica do século XIII dun texto do mosteiro de Melón, *Fernando de Bunio*, aínda que non podemos saber se se refire a este lugar de Tordoia. Máis probable, aínda que tampouco se pode garantir, é o *Bunno* que figura nun documento de 1392 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago. Son inequívocas as atestacións de documentos da Catedral de Santiago do século XVI, coma a que no ano 1593 cita a *Domingos Louçao de Buño, vecino morador en el lugar de Buño de Cima, syto en la felegresía de Santaya dos Gorgullos*.

Buño é ademais nome de parroquia no concello de Malpica de Bergantiños, a onde tamén pertence o lugar de *Buño da Costa*. A maioría das persoas que se apelidan *Buño* na actualidade residen principalmente na Laracha e, xa que Tordoia, tamén cunhas poucas ocorrencias, é concello limítrofe, parece que foi este lugar o que xerou o apelido.

Burgán

Lugar da parroquia de Santaia de Gorgullos

Bascuas cre que este topónimo *Burgán*, xunto con *Burgao* (Oroso) e *Burgana*, forma antiga documentada que se refire supostamente á zona das *Burgas* ourensás, conteñen o sufixo latino -ĀNUS. Todos estes topónimos estúdaos o autor como relacionados cun verbo *burgar* ‘ferver, axitarse’ e derivados da raíz hidronímica indoeuropea **bher-* ‘brotar, fluír, brillar’.

Este lugar está documentado polo menos desde o ano 1405, nun documento recollido nos Fondos documentais da Universidade de Santiago de Compostela en que se fala das *herdades que som em Burgán, da friigisía de Santa Aya dos Gorgullos*.

Cabaleiros (San Xián)

Parroquia de Tordoia

Provéñ do substantivo plural *cabaleiros*, relativo aos membros da institución militar da Idade Media de carácter relixioso, propia da nobreza feudal, persoas que seguramente foron posuidoras en orixe das terras. Tamén pode referirse a unha familia con ese alcume, frecuente na Idade Media. Nese sentido, no Tombo do mosteiro de Toxosoutos, nun texto sen data, menciónase un *fratre Dominico Caualeyro et de fratribus suis et quinonem dos Caualeyros...* A palabra é un derivado de *cabalo* (latín vulgar *CABALLUM* ‘cabalo de tiro’), pero aínda que *cabalo* e *cabalgar* denominan na toponimia galega pedras superpostas, non parece probable que o topónimo teña relación coas chamadas *pedras cabalgadas*.

A parroquia xa existía en 1328, pois figura como *frygresia de San Giao dos Cavalleiros* nun texto do convento de Santa María de Belvís, o primeiro en que puidemos localizala. Na actualidade perdeu o artigo, que aínda se conservaba en textos escritos a mediados do século XVII e seguramente moito máis tarde na lingua oral dos seus habitantes.

Cabaleiros figura no NG como nome de lugar nos concellos da Pastoriza, Lobeira, Gondomar e O Pino. Atopámolo tamén como modificador en compostos como *Rabiáns dos Cabaleiros* (A Estrada), *A Ponte Cabaleiros* (Arbo) e *Neira de Cabaleiros* (Láncara).

O apelido *Cabaleiros* ten moi poucos portadores e non podemos saber se provén dalgún dos topónimos homónimos ou se é un plural secundario do máis frecuente singular *Cabaleiro*. Con todo, en Tordoia non rexistramos ningún dos dous.

Xián é un dos distintos resultados galegos do nome latino *Iulianus*, adxectivo derivado de *Iulius*, que á súa vez se cre que procede de **Iovilius* ‘de Xúpiter’. Ten un culto antigo en Galicia: hai 81 parroquias que o teñen como advocación e deo lugar a once haxiotopónimos: *San Xiao*, *San Xián*, *San Xillao* e *San Xulián*.



Cabaleiros

Cabanelas

Lugar da parroquia de Bardaos

Cabanelas é un diminutivo plural do substantivo común *cabana*. Este procede da forma tardolatina hispánica CAPANNA, de probable orixe céltica, dado que contén o sufixo céltico *-anna* e talvez o lexema *cappa* ‘capa, cuberta’.

Puidémolo rexistrar por primeira vez no Catastro de Ensenada en 1752.

Cabanelas dá nome tamén a unha parroquia do concello do Carballiño e a lugares doutros concellos de Galicia. Atopámolo ademais no composto *A Graña de Cabanelas* en Ribadumia. O apelido *Cabanelas* ten presenza na maioría dos concellos bañados pola ría de Vigo, así coma noutros da marxe occidental da provincia de Ourense, e xerou o topónimo *Os Cabanelas*, no concello da Lama.

Campo da Feira, O

Lugar da parroquia de Viladabade

Do sintagma transparente composto polo substantivo *campo*, do latín CAMPU, denominación xenérica para a terra que foi cultivada, e o substantivo latino FERIA, que en orixe tiña o significado de ‘festas ou días dedicados ao descanso’ e posteriormente, ‘mercado’.

O núcleo de poboación que recibe este nome non puidemos rexistralo no Catastro de Ensenada (1752) nin no diccionario de Madoz (1846) nin nos nomenclátors do século XX, polo que debe ser de creación moi recente. No Interrogatorio xeral do Catastro de Ensenada non se fai mención a ningunha feira na parroquia e tampouco en Madoz. Non obstante, segundo a prensa da época, na segunda e terceira décadas do século XX, celebrábase en Viladabade unha feira o primeiro domingo de mes.

Non se trata dun topónimo único, senón que o atopamos noutros concellos galegos, como, por exemplo, nos veciños de Carballo, Cerceda e Val do Dubra.

Campo de Arriba, O

Lugar da parroquia de Tordoia

Está constituído polo substantivo *campo* e o modificador *de arriba* (lat. AD RIPAM ‘á beira’) que funciona como identificador xeográfico.

Figura como *Campo* no diccionario de Madoz (1846) e no nomenclátor de 1888 e como *Campo de Enriba* na *Geografía* de Carreras Candi (1929).

Na actualidade (*O*) *Campo de Arriba* é nome de lugar, con artigo ou sen el, en Carballo, Begonte, Monforte de Lemos e Arteixo, concellos estes dous últimos, onde atopamos tamén *Campo de Abaixo*, que completa a parella toponímica.

Campo de Millo

Lugar da parroquia de Castenda da Torre

Co mesmo núcleo e estrutura ca os dous nomes de lugar anteriores, este sintagma toponímico ten un modificador que indica o cultivo a que se dedicaba o terreo. A voz *millo* provén do latín MILIUM ‘millo miúdo, paínzo’ e acabou denominando o novo cereal chegado de América, tamén chamado *maínzo*.

É posible que se trate dun núcleo de poboación de recente creación porque non se rexistra ata os últimos nomenclátors.

Campo Soandres

Lugar da parroquia de Bardaos

Prové da locución *Campo (de) Soandres*, seguramente porque que foi unha propiedade do mosteiro de San Pedro de Soandres (século X), na parroquia homónima da Laracha, que tivo posesións en varias parroquias do actual concello de Tordoia.

Soandres, que figura na documentación medieval como *Suandres* (ano 922) *Suandres* (ano 969) e *Solandres* (1154), é un topónimo opaco, probablemente prerromano, do que descoñecemos a súa orixe e etimoloxía.

Candendo, O

Lugar da parroquia de Viladabade

Considérase que *Candendo* provén do latín *CANDANĒTU, derivado de *CANDĀNU, en galego *cando* ‘pau pequeno e delgado, que se usa sobre todo para prender lume’. Corominas cre que *cando* e o asturiano *cándano* están emparentados co latín CANDĒRE ‘arder’ e proveñen dunha palabra céltica da mesma orixe indeuropea que a voz latina.

O topónimo non se rexistra no dicionario de Madoz (1846) entre os lugares da parroquia, recóllese sen artigo no nomenclátor de 1864, desaparece no de 1888 e tampouco figura no actual. Visto que se comprobou que o lugar existe e que xa se rexistraba no século XIX, se non antes, pediuse a súa incorporación ao próximo NG.

Tamén existen outros lugares denominados do mesmo xeito en varios concellos e, aínda que hai máis de cen ocorrencias do apelido en Galicia (en primeiro e segundo lugar), non parece que esta localidade de Tordoia o xerese, pois está moi concentrado en concellos ourensáns.

Carballadrade

Lugar da parroquia de Cabaleiros

Debemos interpretar este topónimo como un composto, cuxo primeiro elemento, *carballa*, feminino de *carballo* (véxase para a etimoloxía *O Carballal*), designa carballos de moita idade e gran desenvolvemento; o segundo, de acordo con Navaza,

deriva de HĚDĚRATA, participio dun verbo HĚDĚRARE ‘cubrir de hedra’, derivado de HĚDĚRA ‘hedra’. *Carballadrade*, que presenta relaxación da vogal final (CARBALLA HĚDĚRATA > *carbolla edrada* > *carboll’edrada* > *carbolladrada* > *carbolladrade*), parece que fai referencia a un grande e antigo exemplar de carballo cuberto de hedra.

Restramos o lugar en documentos do século XVI do Arquivo do Reino de Galicia e da Catedral de Santiago, por exemplo nun do ano 1598 en que se menciona como *lugar de Carballadrade*.

O topónimo en si é único, pero o primeiro dos seus elementos pódese relacionar cos numerosos topónimos derivados do substantivo *carballo* e, o segundo, con *Penadrade*, nas Somozas e Vilalba, ou *Musdradas* no concello de Muras, que Navaza propón como proveniente de *MURAS HĚDĚRATAS.

Carballal, O

Lugar da parroquia de Castenda da Torre

Lugar da parroquia de Viladabade

Carballal é un derivado de *carballo* (proveniente da raíz prerromana *carb-* ou *carv-* ‘ramaxe’) e designa ‘un bosque de carballos’ ou ‘un lugar poboado de carballos’.

Seguramente sexa este lugar o que figura como segundo nome de *Juan do Carballal*, veciño de Erviñou (Val do Dubra), parroquia lindeira coa de Viladabade de Tordoia, que participa nun documento de 1523 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago. Esta persoa pode ser a mesma ca *Juan de Carballal da Abelenda* (lugar de Erviñou), *hijo del difunto Pedro do Barral, vecino de la parroquia de San Cibrán de Viladabade*, dun texto datado en 1542 e do Arquivo da Catedral de Santiago.

Este nome de lugar tivo un alto rendemento toponímico e atopámolo tanto de xeito autónomo, con artigo ou sen el, como en compostos como *A Cruz do Carballal*, neste mesmo concello, *San Mamede do Carballal* (Palas de Rei) ou *San Paio*



O Carballal |

do *Carballal* (Montederramo); só na provincia da Coruña hai máis de 40 lugares que se chaman así ou que o conteñen. O apelido *Carballal* non ten ocorrencias en Tordoia.

Carballeira de Abaixo, A

Lugar da parroquia de Viladabade

Carballeira de Arriba, A

Lugar da parroquia de Viladabade

Esta parella toponímica está formada polo substantivo *carballeira*, derivado de *carballo* mediante o sufixo *-eira* (véxase *O Carballal*) e os modificadores *de Abaixo* e *de Arriba*, que indican localización espacial.

Un *lugar da Carballeira*, sito no couto de Viladabade, figura nun documento de 1572 do Arquivo da Catedral de Santiago. O dicionario de Madoz non rexistra o topónimo pero o nomenclátor de 1864 recolle os lugares de *Carballeira de Arriba* e *Carballeira de Abajo*, o primeiro catalogado como aldea e o segundo como casas de labor.

Carballeira é un topónimo moi frecuente en Galicia, con máis de 80 lugares con ese nome ou que o conteñen. O apelido ten poucas ocorrencias no concello e non podemos saber se foi este lugar o que o xerou.

Carballo Verde

Entidade menor da parroquia de Castenda

O topónimo é transparente e provén das voces *carballo* (véxase *Carballal*, *O*) e o adxectivo *verde*, do latín *VIRIDE*. Aquí localízase a antiga casa reitoral, bastante afastada da igrexa parroquial e doutras vivendas e hoxe restaurada, e tamén varios muíños ribeiríos do Rego do Castro.

Non o encontramos atestado este topónimo na documentación antiga.

Carroucho, O

Entidade menor da parroquia de Anxeriz

O dicionario define *carroucho* como ‘camiño estreito e de difícil tránsito’ e ‘espiга de millo pouco desenvolvida’. A primeira acepción acae ben como significado toponímico, aínda que tampouco se podería descartar que o nome deste lugar fixe referencia a un antigo propietario que recibise como alcume *Carroucho*, que aparece nalgúns repertorios, nun uso metafórico da segunda acepción, por ser, por exemplo, de pequena estatura.

Non obstante, a documentación antiga, aínda que só demos localizado unha atestación conservada no Arquivo da Catedral de Santiago, parece indicar que a

forma orixinaria era *O Carrouchal*, lugar de Anxeriz mencionado nun documento de venda do ano 1577. Se é así, o topónimo é unha alteración dese abundancial co sufixo *-ale* de *carroucho*, co valor de espiga de millo, polo tanto, un lugar que produce millo de mala calidade.

Na actualidade está integrado no núcleo de Vilasal e denomina tamén unhas terras próximas.

O substantivo *carroucho*, na súa primeira acepción, está formado polo latín *CARRU* e un sufixo diminutivo; na segunda, seguramente ten orixe prerromana.

Casa da Moura, A

Dolmen na parroquia de Cabaleiros

Este é un topónimo transparente, constituído polo substantivo *casa*, do latín *CĀSA* ‘choza, cabana’, e o substantivo *moura*, feminino de *mouro*, palabra que procede do latín *MAURU* ‘habitante da Mauritania’ e de aí, ‘mouro, escuro’. Non obstante, na documentación latina da Gallaecia xa se rexistra no século VI un topónimo *Maura Morta* (cf. *Mouromorto* en Palas de Rei e Teo), cando aínda faltaban dous séculos para a coñecida como invasión musulmá da península ibérica. Por iso se ten proposto unha orixe máis antiga, prerromana, que confluíu coa latina, para algúns topónimos que conteñen as palabras *mouro* e *moura*, sobre todo para aqueles que designan antigos restos megalíticos e que nos remiten ás lendas populares sobre os seres mitolóxicos habitantes dos castros.

Este monumento prehistórico tamén é coñecido como *A Casa dos Mouros* e o *Dolmen de Cabaleiros* (véxase *Cabaleiros*).



A Casa da Moura |

Casais

Lugar da parroquia de Cabaleiros

Casais é o plural de *casal* (véxase *O Casal*), e paralelo a *Casás*.

Rexistramos o lugar dende o século XVI, pois nun documento de 1551 do Arquivo da Universidade de Santiago afóraselle a Juan do Pereiro, veciño de Tordoia o lugar e casar do Pereiro e o dos *Casais*.

É un topónimo que se repite nove veces en Galicia, principalmente na provincia da Coruña, e, como apelido, *Casais* ten moita presenza non concellos costeiros máis noroccidentais de Galicia; en Tordoia non hai portadores.

Casal da Devesa, O

Lugar da parroquia de Viladabade

Para o substantivo *casal*, véxase *O Casal*. Unha *devesa* é un ‘terreo extenso, poboado de árbores non moi mestas, normalmente valado ou cercado’ e provén do latín DEFENSA.

O rexistro máis antigo que podemos localizar deste topónimo é do ano 1656, nun foro do mosteiro de San Martiño de Santiago en que se arrenda este lugar chamado *O Casal da Devesa* a Rodrigo de Breixo y Aldao.

Como topónimo é único en Galicia, aínda que os dous elementos son moi frecuentes.

Casal, O

Lugar da parroquia de Andoio

Casal é unha palabra do léxico común que o DRAG define como ‘casa de campo con todas as súas terras e pertenzas’ ou ‘conxunto de casas que forman un pequeno grupo no campo ou dentro dun pequeno núcleo de poboación’. Etimoloxicamente, *casal* deriva do acusativo adxectivo latino *casalis* ‘relativo a unha explotación agrícola’, e este de *casa* (véxase *Casa da Moura, A*).

Menciónase este *lugar y casal do Casal*, se non antes, nun documento de 1541 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago.

Como topónimo é moi frecuente e hai lugares así nomeados por todo o territorio galego, onde tamén se rexistra frecuentemente como apelido. Os portadores do concello de Tordoia é probable que teñan a súa orixe remota neste lugar ou nos homónimos dos concellos veciños de Trazo, Val do Dubra e Ordes.

Casaldabade

Lugar da parroquia de Cabaleiros

Casaldabade é o resultado da expresión *Casal de Abade*, que acabou fusionándose nun único termo; o segundo elemento *abade* fai referencia ao nome ou á dedicación do propietario do *casal* (véxase tamén *Viladabade*) e provén do latín *abbas, abbat* ‘abade, superior dunha comunidade relixiosa’.

A primeira vez que rexistramos o topónimo é nun documento do século XVIII custodiado no Arquivo do Reino de Galicia sobre a reivindicación deste *lugar de Casaldabade*.

Casas Novas, As

Lugar da parroquia de Anxeriz

Este topónimo, con ou sen artigo, é transparente e as palabras que o compoñen proveñen do latín *CASAS NOVAS*. Son numerosos os lugares en Galicia con este nome.

O primeiro rexistro que puidemos localizar deste lugar é do século XIX, no dicionario de Madoz (1846), onde figura como *Casasnovas*.

Castenda da Torre (Santa María)

Parroquia de Tordoia

Castenda é un dos resultados do latín *CASTANĒTA*, derivado do substantivo latino *CASTANĒA* (> gal. *castaña*) co sufixo *-ĒTA*, creador de substantivos colectivos. Véxase ademais a entrada *Torre, A*.

No ano 1380, nun documento do convento de Santa María de Belvís, menciónanse uns herdamentos de *Santa María de Castrenda*, en que o <r> pode ser erro de lectura. Posteriormente, arredor de 1500 no *Libro do Subsidio* da Catedral de Santiago figura tamén, entre outras igrexas, a de *Santa María de Castenda*. O



Castenda da Torre |

aditamento *da Torre* é moi recente e recolle a lembranza dunha antiga fortaleza medieval destruída polos Irmandiños, que se menciona no século XVI no Preito Tabera-Fonseca, unha concordia entre o bispo Alonso III de Fonseca e o seu sucesor.

Castenda e tamén topónimo do concello de Boqueixón e do concello de Ordes, onde ademais atopamos *Castenda de Parada*. O apelido *Castenda*, con moi poucos portadores, ten con case toda a certeza, a súa orixe nesta parroquia de Tordoia.

Para a advocación véxase a entrada *Bardaos (Santa María)*.

Castiñeiro, O

Lugar da parroquia de Andoio

A etimoloxía da palabra *Castiñeiro* pódese explicar a partir do latín *CASTANĒA* mailo sufixo *-ARIU* ou a partir dunha formación propiamente romance **castañeiro*, creada mediante a adición do sufixo *-eiro* ao substantivo *castaña* e a posterior palatalización da vogal pretónica.

Os primeiros rexistros documentais que puidemos atopar deste topónimo de Tordoia son os de dúas vendas, ambas do ano 1598, feitas *en el lugar do Castiñeiro*, textos que se conservan no Arquivo da Catedral de Santiago.

O Castiñeiro é un topónimo relativamente frecuente, que se atopa en concellos de todo o país tanto na súa forma simple como en compostos como *Castiñeiro de Lobo* (Ames), *Castiñeiro Redondo* (Frades e Oroso), o par *O Castiñeiro de Acó* e *O Castiñeiro de Acolá* (As Pontes) ou *O Castiñeiro Longo* (A Caniza).

Castrillón

Lugar da parroquia de Cabaleiros

Derivado de *CASTRU*, a terminación *-illón* pode deberse, segundo Nicandro Ares, á unha formación desa palabra cos sufixos *-(I)LIO* e *-ONE* do latín vulgar.

O primeiro texto en que puidemos encontrar documentado o topónimo é de 1380, do convento de Santa María de Belvís de Santiago, e cita a *villa de Castrellón da frygisía de Sam Giau dos Cavalleyros*.

Segundo o NG hai outros 16 lugares en Galicia con este nome e tamén se chama así unha parroquia do concello lugués do Corgo.

Como apelido rexístrase en concellos do norte das provincias de Lugo e A Coruña, especialmente nas comarcas de Meira e A Mariña Central, así como nas de Betanzos, Ferrol, Eume e Ortegal. En Tordoia non hai persoas que o leven.

Castro

Lugar de Santaia de Gorgullos

Castro, O

Lugar da parroquia de Bardaos

Lugar da parroquia de Castenda da Torre

Lugar da parroquia de Numide

Lugar da parroquia de Viladabade

A voz *castro* quizais sexa unha das voces máis produtivas na nosa toponimia. Provéen do latín CASTRU, termo que designaba en latín ‘lugar fortificado’ e en Galicia os asentamentos característicos do noroeste da Península Ibérica á chegada dos romanos; este nome serviu para crear a denominación *cultura castrexa*; un conxunto de manifestacións culturais que se deron nesta zona entre os séculos IX a. C e o I d. C.

Agás o lugar de Numide, os demais puidemos documentalos dende o século XVI en textos do Arquivo da Catedral de Santiago. No Expediente de comprobación do Castastro de Ensenada (1761-1764), figuran unhas terras de labor co nome de *Castro* en Numide, pero ata o nomenclátor de 1864 non encontramos unha entidade de poboación con ese nome na parroquia.

O apelido *Castro* está presente en case todo o territorio e o concello de Tordoia é o que mostra maior porcentaxe de persoas así apelidadas.

Cerdeiras, As

Lugar da parroquia de Bardaos

Lugar da parroquia de Viladabade

Este nome de lugar correspóndese co substantivo común *cerdeira* (disimilación dun antigo resultado *cerzeira*, este do latín CERESARIA ‘árbore que produce cereixas’), polo que estamos ante un fitotopónimo.

O rexistro máis antigo que puidemos atopar deste lugar da parroquia de Viladabade aparece nun documento do ano 1519 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago, sobre o arrendamento do *casal que se dize de Cerdeiras*. En 1579 *Alonso de las Cerdeiras* posuía unha parte do *lugar de las Cerdeiras*, segundo un documento do Arquivo da Catedral de Santiago. O lugar homónimo de Bardaos, se non se pode documentar antes, xa se rexistra no Expediente de comprobación do Catastro de Ensenada (1761-1764), como *sitio de Zerdeiras*.

Cerdeiras, con artigo ou sen el, é nome de lugar en trece concellos das catro provincias galegas. Atopamos tamén os compostos *San Fiz de Cerdeiras*, parroquia de Begonte, e *Vilar de Cerdeiras*, lugar da Baña.

O apelido *Cerdeiras* presenta menos de cen ocorrencias en toda Galicia, que se reparten entre os concellos da Coruña, Camariñas, Silleda, Pontevedra e Viveiro, polo que parece que non provén do nome destes lugares de Tordoia.

Cián, O

Monte de Tordoia

Rexistrado tamén como *Costa do Ceán* e *Alto do Ceán* na cartografía, o orotónimo *O Cián*, na parroquia de Viladabade, é unha variante dos topónimos *Ceán* (Abegondo), *O Ceán* (Malpica de Bergantiños, Nigrán, Vigo e Vimianzo), *O Ceao* (Lugo e Vilasantar) ou *O Ciao* (Irixoa). Bascuas considéraos prerromanos, provenientes da raíz **kei* ‘moverse’ ou **kei* ‘cor’, ‘cor escura’.

O apelido *Ceán* é característico da comarca de Bergantiños; debe de ter orixe no lugar dese nome en Malpica e non neste topónimo de Tordoia.

Codesal, O

Lugar da parroquia de Viladabade

Derivado de *codeso* (< lat. vulgar **cŭtĭsus*) a partir do sufixo -ALE, o topónimo nomea un lugar que era abundante nese arbusto, que tamén recibe o nome de *pior-no*.

O lugar xa existía a principios do século XVI, pois arredor de 1514 o mosteiro de San Martiño Pinario afóralle unhas propiedades ao matrimonio *Gregorio do Codesal* e *Inés do Codesal*, veciños de Viladabade.

Atopamos outros topónimos *Codesal*, precedidos ou non de artigo, en varios concellos galegos. Como apelido non se rexistra en Tordoia.

Costa, A

Lugar da parroquia de Cabaleiros

Lugar da parroquia de Viladabade

Procedente do latín *CŌSTA* ‘costela; flanco, costado’, trátase dunha acepción figurada común a todos os romances para designar a ladeira dunha montaña. En galego, *costa* tamén fai referencia a un terreo en pendente.

O primeiro rexistro do topónimo da parroquia de Cabaleiros que puidemos documentar é de 1407, no nome de *Afonso da Costa*, que *suía morar en Salgueyroos* (hoxe Salgueiros). Tamén figura *Roi da Costa*, veciño de Viladabade, nunha cadea onomástica dun documento de 1462 do Arquivo da Catedral de Santiago.

É un topónimo frecuente, que aparece ben na súa forma simple ben dentro de compostos como *Costa de Sequeiros* (Pontearreas), *Xinzo da Costa* (Maceda) ou *A Costa do Sol* (San Simón da Costa), entre outros moitos.

Como apelido está presente en case todos os concellos da marxe atlántica galega, así como en comarcas do centro de Galicia; o concello de Tordoia presenta a maior porcentaxe de persoas así apelidadas.

Costa do Muíño, A

Lugar da parroquia de Viladabade

Este sintagma toponímico transparente contén o substantivo *costa* (véxase *A Costa*) e un modificador *do Muíño* (> lat. MŎLĪNU), que fai referencia á presenza desta construción nas inmediacións nalgún momento.

Este topónimo non figura na versión actual do NG e non o puidemos localizar na documentación antiga, polo que talvez sexa unha localidade de habitación recente. *A Costa do Muíño* é un nome de lugar único en Galicia, aínda que é frecuente o elemento *muíño* como modificador en topónimos como *Aldea do Muíño* (Rairiz de Veiga), *O Coto do Muíño* (A Caniza), *Lombo do Muíño* (Cotobade) ou *A Ponte do Muíño* (Agolada), entre outros.

O apelido *Muíño* ten máis de tres mil ocorrencias en Galicia e é no concello de Tordoia onde se rexistra a porcentaxe máis alta de portadores.

Croto, O

Lugar da parroquia de Santaia de Gorgullos

É un nome de orixe non clara. Pódese interpretar como forma sincopada de *Coroto*, variante de *Curuto* e *Coruto*, todas rexistradas na toponimia e de orixe seguramente prerromana. Por outro lado, tamén podería ser unha alteración por metátese do <r> do topónimo *O Coto*, que se repite sete veces en Galicia nas provincias da Coruña e Pontevedra (tamén unha vez *Os Cotros*, en Nigrán). Está é unha forma sincopada de *cótar*, derivado co sufixo *-aro* de *coto* ‘elevación de terreo’, ‘monte, outeiro’, ‘punto máis alto dun monte’. E *Coto* é voz de orixe prerromana como tamén o é o sufixo *-aro* presente en *cótar*.

Non puidemos encontrar atestacións seguras deste lugar de Santaia de Gorgullos ata o nomenclátor de 1864, en que figura como *Croto*, sen artigo. Non temos certeza de que se refiran a este topónimo de Tordoia outras atestacións anteriores, como as cadeas onomásticas *Nuno de Coroto* e *Gonçaluo de Coroto* dun documento de 1388 asinado na Coruña (existe *O Coroto* en Oleiros) ou a dun documento do Arquivo do Reino e Galicia en que se cita o casal e herdade do *Cótar*, sobre o que paga renda en 1542 un habitante de Rus, no veciño concello de Carballo, onde hai o topónimo *O Cótar* (Entrecruces). Ata que apareza máis documentación non se poderá esclarecer cal é a orixe certa deste topónimo.

Cruxeira, A

Lugar da parroquia de Santaia de Gorgullos

Lugar da parroquia de Viladabade

O topónimo *Cruxeira* é unha forma sincopada de *curuxeira* ‘lugar onde habitan as curuxas’, ‘lugar elevado e con moitas penas’, e esta, de *curuxa* ‘ave rapaz nocturna’ mailo sufixo *-eira*.

No Expediente de comprobación do Catastro de Ensenada (1761-1764) rexístrase en Santaia de Gorgullos unha casa *al sitio del lugar da Crujeira*. O lugar de Viladabade localizámolo tamén por primeira vez no Expediente de comprobación, dividido en *sitio de la Crujeira de Arriba* ou *Curujeira de Arriba* e *Crujeiras* (sic) *de Abajo*, nos cales teñen casa varios veciños leigos.

Coas distintas variantes (*A Cruxeira(s)*), (*A Curuxeira(s)*) e (*A(s) Coruxeira(s)*) atopamos o topónimo espallado por toda Galicia.

De todas estas formas posibles do topónimo, ten vitalidade como apelido *Crujeiras*, sempre castelanizado, pero non hai portadores del en Tordoia.

Cruz, A

Lugar da parroquia de Viladabade

O substantivo *cruz* (< lat. CRUCEM), de moita presenza na toponimia, responde a dúas motivacións: ben designa unha encrucillada de camiños, co cal estaríamos ante un topónimo viario, ben fai referencia á presenza do símbolo cristián, xeralmente un cruceiro, co cal estaríamos ante un haxiotopónimo ou topónimo relixioso. Debido ao costume de erguer cruces nas encrucilladas seguramente estes nomes de lugar tiñan unha motivación dobre.

Non atopamos rexistros antigos do lugar que, situado nunha encrucillada xa existente a mediados do século pasado, seguramente é de habitación recente.

Existen moitos topónimos *A Cruz* ou que conteñen esa palabra espallados por todo o territorio galego. Do mesmo xeito, como apelido tamén se rexistra en moitos municipios, mais non é moi frecuente en Tordoia, aínda que non podemos descartar que para os portadores deste concello teña a súa orixe neste ou no seguinte topónimo.

Cruz do Carballal, A

Lugar da parroquia de Castenda da Torre

Este topónimo está relacionado co lugar chamado *O Carballal* (véxase) da mesma parroquia e, aínda que *A Cruz do Carballal* puido existir como microtopónimo moito antes, a entidade de poboación debe de ser de creación bastante recente, pois non se rexistra documentalmente ata os nomenclátors posteriores a 1970. Coma o lugar da Cruz (véxase) da parroquia de Viladabade, está situado nunha encrucillada de camiños.

A forma *A Cruz do Carballal* é un topónimo único, pero atopamos moitos topónimos coa mesma estrutura: *A Cruz do Meixón* (Cariño), *A Cruz de Aguiño* (Ribeira), *A Cruz do Lobo* (Barreiros) e *A Cruz dos Campos* (Guitiriz), entre outros.

Dubra

Río de Tordoia

O río *Dubra* é un afluente do Tambre pola súa marxe dereita que nace na parroquia de Anxeriz. O topónimo está relacionado co céltico **dubro-* ‘auga, río’ e talvez emparentado co nome do río *Dobra* de Asturias ou o da cidade de *Dover* en Inglaterra.

Dubra deulle nome, en época medieval, a un territorio e a un arciprestado; o topónimo está datado, se non antes, desde o século XII, no ano 1134, en textos do mosteiro de San Martiño Pinario: *in illa publica uereda que extremat Dubram*, “naquel camiño público que estrema en Dubra”. Na actualidade nomea o val que rega o río e este val tamén designa, desde a década de 1960, o antigo concello de Buxán, hoxe chamado *Val do Dubra*. Deste hidrotopónimo provén o apelido *Dubra* e Tordoia é un dos concellos onde residen máis portadores.

Eirexe, A

Lugar da parroquia de Tordoia

Lugar da parroquia de Viladabade

A forma *eirexe* é un dos resultados galegos na toponimia do latín *ECCLESIA* ‘igreja’, de gran rendemento, e o único que se rexistra no concello. Santamarina indica que o mantemento do *-e* pode deberse ben á pervivencia dun xenitivo latino ben á palatalización do *-a* por acción do */x/*, un fenómeno habitual no galego (como en *laxa/laxe*). Normalmente denomina o lugar en que se sitúa a igrexa parroquial.

O nome de lugar da parroquia de Tordoia non o demos atestado antes do dicionario de Madoz, a mediados do século XIX, ben que baixo a forma castelanizada *Iglesia*. O da parroquia de Viladabade, que ata agora non figuraba no NG pero que se incluírá en posteriores edicións, rexístrase no Catastro de Ensenada, tamén coa forma castelanizada *Iglesia*.

Campá da igrexa de
San Ciprián. A Eirexe
(Viladabade)



É un dos topónimos máis frecuentes de Galicia, xunto con outras variantes como *Eirexa, Irexa, Irexe, Airexe...* Seguramente calquera destas formas puido xerar un apelido toponímico castelanizado *Iglesia* ou *Iglesias*, apelido que tamén pode ter motivación administrativa, aplicado a meniños de filiación paterna descoñecida.

Empalme, O

Lugar da parroquia de Anxeriz

Do substantivo *empalme* ‘lugar onde se xuntan dous trens, vías de comunicación etcétera’. Esta voz é un derivado regresivo do verbo *empalmar* ‘acción e efecto de xuntar dúas cousas polos estremos’, derivado de *palma* (do grego a través do latín PALMA) ‘parte interior da man’, ‘palmeira’.

A datación do substantivo é relativamente recente en galego e en español, pois non o encontramos antes da segunda metade do século XIX. Polo tanto, tamén é recente o topónimo, que non se rexistra nos nomenclátoreos anteriores a 1970.

Como nome de lugar repítese dezaseis veces en Galicia, en dous casos como parte de compostos: *O Empalme de Lanzá* (Mesía) e *O Empalme de Arón* (Cedeira).

Folgueira de Abaixo, A

Lugar da parroquia de Anxeriz

Folgueira de Arriba, A

Lugares da parroquia de Anxeriz

Folgueira, A

Lugar da parroquia de Andoio

O termo *folgueira*, que figura nos dicionarios como sinónimo de *feito, fento* ou *felgo*, provén do derivado FĪLCARIA do latín FĪLICE. Os resultados deste étimo presentan diferenzas da vogal pretónica, vacilacións que non están ligadas á localización xeográfica e que dan lugar tamén os topónimos *Felgueira* e *Filgueira*. Segundo Navaza, as atestacións máis antigas destes topónimos presentan un <e> pretónico, *Felgueira(s)* e, a partir do século XV, empezan a aparecer formas con <i>. Nese mesmo século tamén se atesta xa a forma con <o> nunha cadea onomástica, *Afonso de Folgueira*, dun texto do mosteiro de San Martiño de Vilourente. Seguramente moitos destes topónimos vacilaron na forma ao longo da súa historia.

Así, nun documento do Arquivo da Catedral de Santiago de 1562 rexístrase a venda do *casal de Filgueira* da parroquia de Anxeriz; con todo, esa é a forma que anota o transcriptor do rexistro e non puidemos consultar o orixinal. No Expediente de comprobación do Catastro de Ensenada (1761-1764) inscríbese unha casa no lugar chamado *A Filgueira*, da parroquia de Andoio.

Aínda no nomenclátor de 1864 figura a parella de topónimos de Anxeriz como *Filgueira de Arriba* e *Filgueira de Abajo*, sen artigo, e tamén aparece como *Filgueira* o lugar de Andoio. E así ata polo menos o nomenclátor de 1920, en que só se rexistra, xa con <o>, o lugar de *Folgueira de Arriba* de Anxeriz, ao seren considerados os outros “grupos inferiores”.

As tres formas produciron apelido (*Felgueira* é moi pouco frecuente fronte aos outros dous), pero non hai persoas que as leven en Tordoia.

Fontaiñas, As

Lugar da parroquia de Bardaos

Fontaiñas deriva de FONTANINAS, diminutivo plural do latín *fontana* ‘fonte’. É un topónimo frecuente en Galicia, principalmente na microtoponimia, e documéntanse lugares chamados así polo menos desde o século XIII, como en Ourense a *rúa da Fontaiña* (hoxe rúa de Cervantes), que figura en textos daquela época, en latín, como *vico de Fontanina*.

O lugar do concello de Tordoia, así e todo, non o atopamos rexistrado ata o nomenclátor de 1864, aínda que clasificado como casa.

O apelido *Fontaiñas*, en plural, ten moi poucos portadores; algo máis frecuente é o singular *Fontaiña*, pero non hai ningún deles en Tordoia.

Fontán, O

Lugar da parroquia de Viladabade

Fontán procede do adxectivo latino *fontanus*, -a, -um, derivado de *fōns*, ‘fonte’, ‘manancial’; é o resultado da Galicia occidental fronte ao central e oriental *Fontao* (cf. *irmán/irmao*).

O rexistro máis antigo en que documentamos con certeza este lugar é un texto de 1574 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago en que *Joán de Fontao*, veciño de *Bila do Abade* vende a cuarta parte do lugar e casal de *Fontao*, na mesma freguesía.

Como apelido, *Fontán* é a única forma que rexistramos na actualidade no concello, pero ten moi poucos portadores.

Forca, A

Monte de Tordoia

Do latín FŪRCA ‘galleta, forcada’, ‘pau bifurcado na cima’, o topónimo é un descriptor da paisaxe orográfica, que nalgún punto ofrece talvez o aspecto dese obxecto. A voz *forca* tamén se recolle no dicionario da Real Academia Galega co significado de ‘val estreito ou paso estreito entre montañas’ e é unha palabra usual na toponimia, así como a voz emparentada *forcada*, moitas veces para indicar a bifurcación

dun camiño. O monte separa as parroquias de Viladabade, de Tordoia, e Arabexo e Erbiñou, estas no concello do Val do Dubra.

Formarigo

Lugar da parroquia de Tordoia

Piel e Kremer explican o nome medieval de orixe xermánica *Formarigo* como composto de *Froma-*, do gótico **fruma* ‘primeiro’ e *rikus* ‘forte, poderoso’, este último elemento xa estudado nas entradas correspondentes a *Anxeriz* e *Brandaris*. Cabe destacar que este topónimo se formou a partir do acusativo e non do xenitivo (de onde teríamos un resultado *Formariz* ou *Formaris*), como é usual nos nomes de posesor anteriores ao inicio do segundo milenio, o que indica que este debe de ser de formación algo posterior.

Á parte deste de Tordoia, tamén existe o topónimo nos concellos de Salvaterra de Miño e de Padrenda e na microtoponimia, coma as terras chamadas *O Formarigo* en Brión e Rois ou *A Cortiña de Formarigo*, en Sarria, documentada xa no século XIII. Pola contra, o noso topónimo non o puidemos localizar nos textos antigos ata o dicionario de Madoz (1846), onde figura como *Formarijo*, unha grafía que reflicte a gheada.

Fornelos

Lugar da parroquia de Andoio

O substantivo común *fornelo* recólleo o DRAG co significado de ‘pequeno forno ou fogón’. A etimoloxía do nome de lugar pode ser FURNELLOS, diminutivo plural do latín FURNUS ou FURNUS ‘forno’. Tamén se ten proposto unha base **forna*, de onde provén o latín *fornix* ‘bóveda, túnel’. A motivación semántica do topónimo puido deberse entón tanto á existencia de construcións para caldear, xeralmente abovedadas, que alcanzan grandes temperaturas, coma á existencia de furnas, isto é, cavidades naturais.

O rexistro máis temperán do topónimo atópase no Tombo A da Catedral de Santiago e data do ano 924, nun documento que cita en *Montanos, uillas Andogio cum ecclesia sancti Mametis* (a vila de Andoio coa igrexa de San Mamede), *Fornelos* e outros vilares dese territorio.

O topónimo é frecuente como nome de lugar en todo o país, tanto na súa forma simple coma dentro de compostos, como no nome do concello de *Fornelos de Monte* ou en *Fornelos de Covas* e *Fornelos de Filloás*, lugar e parroquia en Viana do Bolo.

Frixoi

Lugar da parroquia de Bardaos

Este antropotopónimo podería provir do xenitivo *Froione*, resultado, con caída do -*l*- intervocálico e palatalización da vogal átona, do nome medieval feminino *Froilo*, -*one*, que documentamos, por exemplo, no 953 como nome dunha abadesa, *Froiloni abbatisa*, que asina un documento da área da Coruña.

É un nome xermánico, de orixe gótica, que, como indican Piel e Kremer, se compón da raíz **frauja* ‘señor’ e, segundo Boullón, do sufixo formador de nomes femininos -*ilo*.

Como moitos outros nomes coa terminación de xenitivo -*one*, o topónimo podería presentar dous resultados, en -*oi* e en -*ón* (como en *Piñoi*/*Piñón*, *Frontoi*/*Frontón*, *Meroi*/*Mirón* etcétera), polo que *Froxón*, en Palas de Rei, pode ser un resultado alternativo deste mesmo étimo.

Guillufe

Lugar da parroquia de Santaia de Gorgullos

O topónimo provén do xenitivo do nome persoal de orixe xermánica *Wiliulfus*, formado polas raíces *will(j)* ‘vontade’ e *ulfus* ‘lobo’, esta última presente tamén en *Soufe* (véxase).

Documentamos por primeira vez o topónimo en 1543, nun texto do Arquivo da Catedral de Santiago que recolle a venda de propiedades no lugar de *Guillufe*, entre outros.

Guillufe é tamén nome de lugar en Gondomar e, con distinto resultado do segundo elemento, temos o mesmo nome xermánico nos topónimos *Guillurfe*, no concello da Capela, e *Vilaguillulfe* no de Carballedo.

Lengüelle

Río de Tordoia

O nome deste río afluente do Tambre é de etimoloxía escura. O feito de que non puideramos encontrar ningunha mención na documentación antiga consultada dificulta o seu estudo. Co mesmo nome, *Lengüelle*, e referido a este río, o NG rexistra o lugar chamado *As Vendas do Lengüelle* en Berreo (Trazo), que tampouco puideramos localizar na documentación antiga. Ademais, na parroquia de Ferreiros (O Pino) hai outro lugar chamado *Lengüelle*, que figura como *Lengüello* no nomenclátor de 1888, *Lengoelle* no de 1920 e seguintes e *Lenguelle* no de 1970. Na actualidade tamén se pode escoitar a pronuncia *Langüello*.

A terminación -*elle*, moi presente en nomes de lugar provenientes dun nome de posesor, como *Amarelle* (< lat. *Amarellus*), *Lobelle* (< got. *Leovildus*), *Cartelle* (< got. *Cartellus*, *Cartelius*) e outros, permite supoñer a hipótese de que proveña dun nome persoal, aínda que non puideramos encontrar nos repertorios ningún que

puidese ofrecer esta evolución; ademais é estraño que este tipo de topónimos lle acabe dando nome a un río.

A pouca documentación e a variación que presenta topónimo do Pino fainos pensar na posibilidade de que *Lengüelle* e demais variantes poidan ser unha alteración doutra palabra, quizais de LACUNĪČĪLA, diminutivo de *lacuna* ‘lagoa’.

Leobalde (San Cristovo)

Parroquia de Tordoia

Leobalde é topónimo único. Contén o xenitivo do nome persoal medieval de orixe xermánica *Leovaldo*, composto, segundo Piel e Kremer, polas raíces góticas **leuba* ‘querido’ e *wald*, de **waldan* ‘piadoso’, e documentado no Tombo de Samos no ano 944.

Rexistramos por primeira vez o nome desta parroquia nun documento publicado por Fernández de Viana do ano 1269, asinado polo notario compostelán Domingo Pérez, onde se fai mención da freguesía de *Sancti Christofori de Liuvalde*.

Aínda que non é dos máis antigos, o culto a san Cristovo é frecuente nas parroquias galegas. O nome do santo provén do grego *Christophoros* ‘portador de Cristo’, composto de *Christós* ‘Cristo’ e *phóros*, de *pheréin* ‘portar’, ‘levar’, e deriva da lenda do mozo que levou o neno Xesús aos ombros para cruzar un río.

Este lugar deu orixe ao apelido *Leobalde*, con poucos portadores pero moi concentrados en Tordoia e noutros concellos ao sur deste.

Lestido, O

Lugar da parroquia de Andoio

Lestido considérase un fitotopónimo, nome derivado do da planta gramínea chamada *lesta*, voz de probable orixe etimolóxica prerromana, formado co sufixo abundancial *-ido*, variante de *-edo* (< lat. -ETU).

O primeiro rexistro inequívoco do topónimo de Tordoia atopámolo nunha cadea onomástica dun documento do ano 1589: *Juan de Lestido, vezino de San Mamed d’Andoyo*.

Un nome de lugar idéntico rexístrase en Trazo e tamén temos *Lestido*, sen artigo, en Padrón. Hai ademais dúas parroquias chamadas *Lestido*, con cadanseu lugar homónimo, en Boqueixón e Palas de Rei.

O apelido *Lestido*, concentrado en Padrón e municipios próximos, ten a súa orixe no topónimo dese concello.

Liñariño, O

Lugar da parroquia de Numide

O Liñariño é un nome de lugar derivado do substantivo *liñar* ‘terreo sementado de liño’; o seu étimo é, polo tanto, o latín LINU mais o sufixo abundancial -ALE e o diminutivo -INUS. O cultivo desta planta, a elaboración de fio téxtil e a confección de tecido para o uso doméstico estiveron moi arraigados en Galicia.

Non puidemos rexistrar o topónimo ata o nomenclátor de 1864, onde aparece catalogado como aldea cunha vivenda. A forma en singular e co artigo anteposto é única en Galicia, porén, rexístranse lugares chamados *Liñariños* nos concellos de Boborás, O Campo Lameiro e Folgoso do Courel.

Liste

Lugar da parroquia de Numide

É un topónimo opaco, seguramente prerromano e talvez emparentado co nome da planta *lesta* e o topónimo *O Lestido* (véxase), polo que sería un fitotopónimo.

A mención máis antiga que demos localizado do nome de lugar é dunha cadea onomástica do ano 1407, nun documento da igrexa de San Bieito do Campo de Santiago, en que se cita a *Pero Rodríguez de Liste*, veciño da parroquia de Pereira, en Ordes. Hoxe, ademais de lugar, está considerada por algúns veciños, porque a opinión non é unánime, como entidade intermedia que engloba outras.

É un topónimo único. Como apelido, *Liste* está presente en concellos da provincia da Coruña, con un maior número de ocorrencias en Tordoia e nos concellos de arredor.

Malvares

Lugar de Castenda da Torre

A forma singular do topónimo, *Malvar*, deriva dun nome colectivo latino formado a partir do sufixo -ALE. O referente inmediato é a *malva* (< lat. MALVA), segundo o DRAG ‘planta venturera da familia das malváceas, da que existen diversas especies, que pode alcanzar unha altura considerable, con flores, polo xeral, de cor violeta clara, rosa ou branca’.

O topónimo encontrámolo en cadeas onomásticas de documentos do concello de Santiago de principios do século xv, coma *Juan de Malvares* (ano 1418) pero non podemos saber se se refire a este lugar de Tordoia O primeiro rexistro inequívoco do topónimo de Tordoia é unha venda do ano 1577, custodiada no Arquivo da Catedral de Santiago de Compostela, do *lugar y casal que se dize y nonbra de Malbares*.



Malvares

Tamén na parroquia de Rial, en Val do Dubra hai un lugar chamado *Malvares* e, na aldea veciña de Santo Estevo, está situada unha capela, datada tamén no século XVI, denominada de *Santo Estevo de Malvares*. Estes lugares de Val do Dubra son a orixe do actual apelido *Malvárez*, rexistrado con *-z* polo menos desde finais do século XVI, ao se interpretar incorrectamente como un patronímico en *-ez* do que a forma *-es* orixinal viña provocada polo seseo implosivo da zona.

Medorra, A

Monte do concello

Os dicionarios recollen a palabra *medorra* como sinónimo de *mámoa* ‘sepulcro prehistórico da época megalítica, formado por un dolmen ou anta cuberto por un montículo de terra de planta circular’. Considérase que provén do latín *MĒTA* ‘pirámide, cono’ e o sufixo prerromano *-orro, -urro*.

É unha voz moi rendible na toponimia. Con esta forma, pois presenta tamén as variantes *Modorra* e *Madorra*, entre outras, hai sete entidades de poboación e moitos microtopónimos.

Méixome

Lugar da parroquia de Leobalde

Prové de *MAXUMI*, xenitivo do nome *Maxumus*, variante arcaica do nome de posesor latino *Maximus*, formado sobre a forma superlativa do adxectivo *magnus, -a, -um* ‘grande’.

No nomenclátor actual aparece como forma oficial *Méixome*, mais na actualidade a pronuncia común dos veciños é *Méixeme*. O cambio da vogal átona debe de ser relativamente recente, segundo indican as documentacións históricas.

Este lugar de Tordoia xa existía en 1304, en que figura nun documento do Arquivo da Fundación Penzol como *casali de Méyxome*, na parroquia de *Luyvalde*.

En 1564, a igrexa de Santiago recibe unha renda do *lugar y casal que se dize de Méyxome*, segundo un documento do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago. No Catastro de Ensenada tamén se menciona, castelanizado, o lugar de *Méjome*, aínda que non está entre os lugares da parroquia no dicionario de Madoz (1846).

O topónimo repítese no concello de Lalín como nome de lugar e de parroquia e de aí provén o principal foco do apelido, hoxe castelanizado, *Méjome*, con ocorrencias en Lalín e noutros municipios próximos como Silleda ou Vila de Cruces.

Monte Vello, O

Lugar da parroquia de Cabaleiros

O topónimo é transparente e provén da locución constituída polo substantivo monte (lat. MONTE) e o adxectivo vello (lat. VETULU, derivado de *vetus*, *-eris* ‘vello’).

Non puidemos documentar este lugar de Tordoia en textos antigos, polo que seguramente sexa un microtopónimo de habitación recente. Propúxose para a súa incorporación en posteriores edicións do *Nomenclátor* como entidade de poboación da parroquia de Cabaleiros.

Nabal Vello, O

Lugar da parroquia de Bardaos

O sintagma que constitúe este topónimo é transparente, está composto pola voz común *nabal*, un derivado abundancial de *nabo* (< lat. NAPU) formado a partir do sufixo latino *-ALE* e o adxectivo *vello* (< latín VETŪLU); pode referirse tanto a un terreo dedicado ao cultivo de nabos coma a un terreo en que se cultivan outras hortalizas, isto é, unha horta.

Non o encontramos documentado nas fontes antigas consultadas, pois é un núcleo de poboación de creación recente. Na actualidade, forma unha unidade co lugar do Petón (véxase), polo que a aldea é coñecida por calquera dos dous nomes.

O Nabal Vello como tal é un topónimo único entre os nomes dos núcleos de poboación, mais existe, con ou sen artigo, na microtoponimia doutros concellos galegos, coma no coruñés da Laracha e os lugueses do Valadouro e Pedrafito do Cebreiro.

Niño do Corvo

Lugar da parroquia de Anxeriz

O Niño do Corvo é un nome de lugar relativamente frecuente en Galicia para designar terras ou accidentes xeográficos de certa altitude coma este, xeralmente de xeito metafórico: *A Serra do Niño do Corvo* ou *As Laxes do Niño do Corvo*, en Cangas de Morrazo, ou *Niño do Corvo*, unhas terras en Moaña. Está formado pola voz *niño* (< lat. NIDU) e *corvo* (< lat. CORVU).

O topónimo de Anxeriz rexistrámolo por primeira vez nun documento de 1634 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago en que figura como *lugar de Niño do Corbo*.

Nogueira, A

Lugar da parroquia de Bardaos

Palabra do léxico común, *nogueira* fai referencia á árbore que ten como froito as noces e é un derivado, a partir do sufixo *-aria*, do latín *nux*, *nūcis*. Navaza indica que os topónimos que presentan esta forma en singular posiblemente teñan un significado colectivo.

Unhas terras co nome de *A Nogueira* figuran no Expediente de comprobación do Catastro de Ensenada da parroquia de Bardaos (1761-1764) e, posteriormente, o topónimo aparece xa como nome de lugar entre os da parroquia no dicionario de Madoz, a mediados do século XIX.

É un topónimo frecuente en Galicia, con ou sen artigo e como parte de nomes de lugar compostos. O apelido *Nogueira* non ten presenza en Tordoia.

Numide (Santiago)

Parroquia de Tordoia

Piel propón o xenitivo do nome de posesor *Numidius* como orixe deste topónimo único en Galicia, aínda que advirte das súas dúbidas, pois o étimo presenta problemas. Sería máis factible a partir dunha variante *Numidus* ou o feminino *Numida*, nomes rexistrados en repertorios latinos.

As atestacións máis antigas do que podería ser este topónimo encóntranse en textos en latín do século XII do Tombo B da Catedral de Santiago, en que se enumeran varios lugares do couto e bispado da cidade de Compostela —*Seavia* (Seaia, Malpica de Bergantiños), *Rivomalo*, *Morayme* (Moraima, Muxía), *Ozón* (Ozón, Muxía), *Savarde* (Sabardes, Outes?, Noia?), *Brives* (Cambre)...— e se recollen, entre estes nomes, as formas *Nomiti* e *Nometi*, segundo o transcritor, que se poderían corresponder con *Numide*. Con todo, non podemos confirmar a identificación con este lugar de Tordoia.

No século XIII, en documentos tamén en latín e xa con certeza referido a esta parroquia, figura como *Sancti Iacobi [de] Donamidi* nun texto de 1215 pertencente ao mosteiro de San Martiño Pinario; e noutro de 1268 publicado por Fernández de Viana, do notario compostelán Domingo Pérez, como *Sancti Iacobi de Donimide*. O último rexistro que temos deste nome de lugar na Idade Media é de 1382, dun texto gardado no Arquivo Histórico da Universidade de Santiago, en que figura como *Santiago de Donymide*.

Non sabemos se estas formas son resultado da interpretación da preposición *de* que une o nome da parroquia coa súa advocación, como parece que se podería

concluír do exemplo de 1215, onde o transcritor repón esta preposición entre corchetes (*[de] Donamidi*) ou se sucede todo o contrario, isto é, que se interpretou o *Do-* inicial como contracción da preposición e o artigo (**Donamide/Donimide < *do Namide/Nimide*) e posteriormente esa sílaba perdeuse. Pero non encontramos ningún nome tipo **Donnamitus*, **Dominitus* ou semellante que poida facilitar esta hipótese. Tamén é probable que proveña de lle engadir a un nome (*Numidus/*Namidus* etc...) o tratamento de *don* (< lat. DOMINE).

Aínda no século XVI podemos ver en textos do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago as variantes *Donamjde* e *Donamide* en documentos de 1526 e 1531, respectivamente, e neste mesmo século, se é que non conviviron coas formas con *Do-* durante toda a Idade Media, temos tamén un feixe de variantes sen a primeira sílaba: *Santiago de Nimide*, no ano 1500, no *Libro do Subsidio* da Catedral de Santiago; *Santiago de Nomid*, dúas veces en textos de 1570 e unha noutra de 1571 (parecen os tres documentos do mesmo autor); *Santiago de Nomide* a.1576, *Santiago de Nemide* a.1580, todos no Arquivo da Catedral de Santiago; e tamén *Santiago de Nomide*, no ano 1533 e *Santiago de Nimide*, dúas veces en documentos de 1540 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago.

A partir do século XVII parece que o nome desta parroquia se asenta coa forma máis reducida e coa primeira vogal da serie velar (e non palatal *e/i*), que alterna entre *o* e *u*, segundo as atestacións de documentos da época, todos do Arquivo Histórico da universidade compostelá: *Santiago de Numide* no ano 1619, *Santiago de Nomide* en 1627 e *Santiago de Nomide* en 1646.

Desde o Catastro de Ensenada, feito na parroquia en 1752, rexistramos xa sempre a forma actual *Numide*.

A etimoloxía da advocación da parroquia, Santiago, é SANCTUM IACOBUM ‘San Xacobe’. *Iacobus* era unha forma latinizada do hebreo *Ya’aqobh*, nome bíblico, derivado de *‘aquebh* ‘calcañar’ ou da raíz *‘qb* ‘protexer’. O santo ocupa o terceiro posto en frecuencia como titular dunha parroquia en Galicia. *Santiago* é tamén o topónimo galego máis extendido polo mundo, dada a popularidade que o apóstolo tivo desde a Idade Media.

Oleiros

Lugar da parroquia de Cabaleiros

O étimo deste topónimo é a suma do lat. OLLA ‘pota, marmita’, ‘urna funeraria’ e o sufixo latino -ARIUS < -eiros, empregado para designar persoas que se dedicaban a un oficio, neste caso a produción e o comercio de obxectos de barro.

Xa que hai outros lugares do mesmo nome, entre eles un concello coruñés e parroquias nas catro provincias, o primeiro rexistro en que podemos informar con certeza de que se trata deste topónimo é unha venda, datada no 1577 e conservada no Arquivo da Catedral de Santiago, dunha parte do *lugar y casal que se dize y nombra do Paço d’Oleiros*, da freguesía de *San Gíao dos Caballeiros*.



O apelido *Oleiros* está a piques de desaparecer. O singular *Oleiro* concéntrase principalmente en Silleda, concello onde hai unha parroquia nomeada *Oleiros*, e noutros municipios de arredor.

Outeiro, O

Lugar da parroquia de Bardaos

Lugar da parroquia de Viladabade

A maioría das interpretacións etimolóxicas adoitan sinalar ALTĀRĪŪ, derivado do latín *altus*, como o étimo do substantivo *outeiro* ‘pequena elevación de terreo illada e de pouca extensión’. Porén, algúns autores consideran que *outeiro* é unha formación romance a partir da raíz *outo* (< ALTU) e o sufixo *-eiro*.

Se non antes, rexístranse estes lugares de Bardaos e de Viladabade en dúas vendas conservadas no Arquivo da Catedral de Santiago, dos anos 1577 e 1575, respectivamente. No primeiro caso, o topónimo figura nunha cadea onomástica: *Juan d’Outeiro, vezino de la felegresía de Santa María de Bardáns*; no segundo, o motivo da venda é o propio *lugar y casal que se nonbra y dize de Outeiro sito a la felegresía de San Zibrao de Villa do Abad*.

A voz *outeiro* é moi produtiva na toponimia, tanto na súa forma simple, con ou sen artigo, como en compostos como *Outeiro de Bois* (Mazaricos), *Chao do Outeiro* (Abadín), *A Ponte de Outeiro* (Castro de Rei) ou *Outeiro das Vellas* (Castroverde), entre outros moitos.

Como apelido, *Outeiro*, que mantén certa vitalidade principalmente nas comarcas de Bergantiños e A Barcala, está castelanizado en *Otero*, forma que rexistramos, pola abundancia de topónimo, en case todos os concellos de Galicia, tamén en Tordoia, con algo máis de 130 ocorrencias.



Paradela

Paínza, A

Lugar da parroquia de Numide

A *Paínza* pode provir do neutro plural PANĪCĪA, polo que sería un colectivo de *paínzo* (nome común da especie *Setaria itálica*), tamén chamado en ocasións *millo miúdo*, coma o *Panicum miliaceum* (castelán *mijo*), co que non se debe confundir.

O rexistro máis temperán que puidemos localizar deste topónimo é o dunha cadea onomástica, *Fernando de Paínza*, nun documento de 1532 do Arquivo da Catedral de Santiago de Compostela. Poucos anos máis tarde, noutro texto de 1536, este custodiado no Arquivo Histórico da Universidade, tamén se menciona a *Gomes da Paínça*, escribán da Terra de Montaos.

Como nome de entidade de poboación, o topónimo só o volvemos encontrar nun lugar da parroquia de Viladavil, en Arzúa.

Paradela

Lugar da parroquia de Leobalde

O topónimo *Paradela* é un diminutivo co sufixo latino -ELLA do substantivo *parada* (lat. PARATA) ‘lugar onde se para’, que na toponimia adoita denominar un lugar chan entre pendentes. Este topónimo puido nacer como réplica ao nome da parroquia de Parada, en Ordes, non lonxe da de Leobalde.

Se non antes, xa podemos documentar a existencia deste lugar no século XIII, nun documento de 1269 publicado por Fernández de Viana, do notario compostelán Domingo Pérez, en que se menciona unha *domum et cellarium de villa de Paradela, in filigresia Sancti Christofori de Liuvalde* (“casa e celeiro da vila de Paradela, na freguesía de San Cristovo de Leobalde”).

O NG rexistra lugares nomeados *Paradela* por todo o territorio galego, mais é tamén nome de concello, na provincia de Lugo, e de parroquia nos concellos

de Meis, A Estrada, O Castro de Caldelas, O Corgo e Toques. Como apelido está espallado por varios concellos de Galicia, pero non en Tordoia, polo que podemos concluír que este nome de lugar non parece que sexa a orixe do nome familiar dos portadores actuais.

Paraños, Os

Lugar da parroquia de Viladabade.

Este topónimo pode ben ter unha orixe prerromana, ben provir do latín PETRA ‘pedra’ a través do plural dun derivado hipotético *PETRANIO ou *PETRANEO; sexa como for, fai referencia a lugares pedregosos ou con formacións pétreas.

Non demos localizado atestacións antigas do lugar chamados *Os Paraños* de Tordoia nas fontes consultadas. O topónimo repítese con e sen artigo en varios concellos das provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra e dá nome a unha parroquia do concello de Covelo.

O apelido *Paraños*, característico de Ferrol e de concellos da parte máis setentrional da Coruña e Lugo, non o hai en Tordoia e parece que pode ter a súa orixe no lugar chamado Paraños da parroquia de Lanzós, en Vilalba.

Pazo

Lugar da parroquia de Anxeriz

Pazos

Lugar da parroquia de Santaia de Gorgullos

Pazos, Os

Lugar da parroquia de Andoio

Tradicionalmente adoita explicarse o substantivo *pazo* como o resultado galego do latín PALATIUM ‘residencia do emperador, en Roma’, que por extensión pasou a designar calquera edificio de importancia; na Gallaecia medieval designaba unha construción ou vivenda de calidade superior ás do resto do lugar (*soperatos, palatios, kasas*, lese nun documento de Dozón do século XI para referirse a casas con planta alta, casas de certa entidade e casas comúns), e non necesariamente o que hoxe entendemos por *pazo* ‘edificio grande e luxoso’, que é unha realidade da Idade Moderna. Aínda que parece menos probable, Juan José Moralejo cre que *pazo* se explica mellor a partir dun **palatio*- prelatino que denomina lugares destinados á custodia do gando ou ao refuxio dos pastores, o que para el explicaría a grande frecuencia do topónimo.

O lugar de Anxeriz dátase xa como *lugar do Paço d’Anxeriz*, se non antes, nun documento do ano 1600 do Arquivo da Catedral de Santiago. O *Pazos* de Santaia

de Gorgullos, atéstase polo menos desde 1533, en que figura nun documento que non puidemos consultar para coñecer a grafía da época, tamén gardado no Arquivo da Catedral.

O documento máis antigo que conseguimos localizar en que se mencione o lugar chamado *Os Pazos* en Andoio é de 1732 e custódíase no Arquivo do Reino de Galicia.

Hai máis arredor de 300 entidades de poboación en Galicia que levan a palabra *pazo*, en singular e en plural, no seu nome. O apelido *Pazos* está entre os 50 máis frecuentes de Galicia, pero en Tordoia hai moi poucas ocorrencias, arredor dunha ducia; *Pazo* é menos habitual en Galicia e en Tordoia non se rexistra.

Pedra Longa, A

Lugar de Serixán, parroquia de Cabaleiros

Esta cadea toponímica está composta por un sintagma nominal formado polo substantivo *pedra* (< lat. PĒTRA) e o adxectivo *longa* (< lat. LONGU) e designa un conxunto pétreo situado no alto de Seixán. Recibe o nome por extensión do da pedra principal, con forma de menhir, que destaca polas súas grandes dimensións, 13 metros de altura e tres de diámetro.



A Pedra Longa |

O seu tamaño e o descoñecemento sobre como se formou favoreceron a proliferación de lendas ó seu redor: altares dos druídas, poderes ligados á fecundidade, rituais pagáns e tamén cristiáns. Na literatura popular recóllese que a pedra foi trasladada ata a parroquia de Cabaleiros pola propia Virxe.

Se non se refire a este lugar o mencionado como *sitio da Pedra* no Expediente de comprobación do catastro de Ensenada (1761-1764) desta parroquia, non atopamos mención do microtopónimo na documentación antiga consultada.

O microtopónimo (*A Pedra Longa*) repítese en Galicia para designar outros elementos xeográficos semellantes, pero tamén accidentes costeiros e terras. O NG só recolle unha entidade de poboación co nome de *Pedra Longa*, sito na parroquia de Candeán, en Vigo e outra como *Pedralonga*, en Aro, concello de Negreira.

Pedrasalgueira, A

Lugar da parroquia de Anxeriz

Este topónimo é un composto do substantivo *pedra* (< lat. PĒTRA) e *salgueira*, substantivo ou adxectivo presente noutros topónimos como *Fontesalgueira* (Cospeito) ou *Lama Salgueira* (Baltar), entre outros. Navaza afirma que o substantivo feminino *salgueira*, correspondente a SALÍCARIA, puido ter orixe nun significado colectivo, como ocorre noutros fitotopónimos en que o masculino en -ARIU denomina a árbore. Tendo isto en conta, o topónimo viría a significar ‘a pedra que está onde abundan os salgueiros’ e proviría dunha locución *a pedra da salgueira* (‘do salgueiral’), con elisión da preposición. *Salgueira* tamén pode ter valor de adxectivo co significado de ‘relativo ou pertencente ao salgueiro (árbore) / Salgueiro (apelido ou topónimo)’. Non obstante, no Expediente de comprobación do Catastro de Ensenada da parroquia de Anxeriz rexístranse vinte “ferrados de tojar en el Molino y Piedra Salgueiro”, polo que, se é o mesmo topónimo, quizais en orixe foi *A Pedra do Salgueiro* e, logo de perder a preposición de enlace (*A Pedra Salgueiro*), acabou adaptando a terminación ao feminino do primeiro elemento (*A Pedrasalgueira*).

Á parte de nese texto do século XVIII (1761-1764), non o encontramos en ningún outro texto antigo consultado e o lugar non se incorporou ao NG ata as últimas edicións, polo que parece que é un lugar de habitación recente.

Pedregais, Os

Lugar da parroquia de Viladabade

A voz *pedregal* ‘lugar abundante en pedras’, coma o adxectivo *pedregoso* e outros derivados iberorromances, procede en última instancia do latín PETRA e leva o sufixo colectivo *-al*, pero porta ademais un infixos *-eg-* que non existía en latín e é de xénese controvertida.

Encontramos documentado por primeira vez este topónimo de Viladabade nunha obriga do ano 1599, conservada no Arquivo da Catedral de Santiago, en que figura como *lugares dos Pedregás*.

Como entidade de poboación é un topónimo único, pero as variantes *Pedregais*, *Pedregás* e *Pedregales* son comúns na microtoponimia galega para designar terras.

Pedrouzo, O

Lugar da parroquia de Bardaos

Pedrouzo é un derivado de *pedra* creado co sufixo *-ouzo*, de orixe prerromana. Aplícase a lugares onde hai moreas de pedras ou unha pedra moi grande.

A primeira mención que encontramos deste topónimo é nas cadeas onomásticas *Gregorio de Pedrouzo* e a súa muller *Elvira de Pedrouzo*, veciños de Bardaos, que participan nun documento do ano 1591 conservado no Arquivo da Catedral de Santiago de Compostela.

O topónimo, con artigo ou sen el, figura no NG como nome de localidades de varios concellos galegos, os máis deles na provincia da Coruña.

O apelido *Pedrouzo* está presente en concellos das catro provincias galegas, aínda que no de Tordoia non rexistra ningunha ocorrencia. Tamén existe unha variante seseante *Pedrouso*.

Pelados, Os

Monte de Tordoia

Do plural de *pelado* ‘sen pelo’, que provén do participio de *pelar* (lat. *PĪLARE* ‘quitar o pelo’), usado metaforicamente para denominar probablemente uns terreos sen vexetación.

O substantivo e adxectivo *pelado*, *-a* e os seus plurais son moi frecuente na microtoponimia: *O Monte Pelado* (Teo, Ribadeo), *Coto Pelado* (O Valadouro), *A Roza Pelada* (Vilalba), *As Peladas* (Santiago, Mondoñedo) etcétera.

Penedo, O

Lugar da parroquia de Bardaos

Da voz común *penedo*, derivado de *pena* (< lat. *PĪNNA*), definida como ‘pedra moi grande que sobresaie na terra ou no mar’; dá nome a terreos onde se atopan estas pedras de grande tamaño.

Este lugar pertenceu á desaparecida parroquia de Arcai (véxase) e localizámolo na documentación antiga por primeira vez no século XVI, en 1533, nun documento do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago polo que se arrenda o *lugar que se dize do Penedo* da freguesía de *Santa Susana d’Alcay* (sic).

É un topónimo común a todo o territorio galego e, ademais de formas simples, tamén aparece en compostos como *O Penedo de Xuvencos* (Boborás). O apelido *Penedo* ten moi poucas ocorrencias en Tordoia.

Penelas

Lugar da parroquia de Cabaleiros

De PĪNELLAS, diminutivo co sufixo plural -ELLAS do latín PĪNNA ‘pena, pedra grande’.

O lugar de *Penelas* desta parroquia xa se documenta, se non antes, no ano 1543 en que se menciona nun documento do Arquivo da Catedral de Santiago.

É un topónimo moi abundante, tanto na súa forma en singular *Penela*, como na plural, que é a que nos ocupa. Tamén atopamos *Penelas*, con artigo ou sen el, por todo o territorio e en compostos como *Sas de Penelas*, nome dunha parroquia do Castro de Caldelas.

Non hai portadores do apelido *Penelas* neste concello.

Pereira, A

Lugar da parroquia de Viladabade

Pereiro Vello, O

Lugar da parroquia de Tordoia

As formas *Pereira* e *Pereiro*, do latín PĪRARIA e PĪRARIU, nomean as árbores das cales obtemos as peras. Eses étimos poden concorrer con PETRARIO e PETRARIA, adxectivos derivados de PĒTRA ‘pedra’, aínda que na maioría dos topónimos presentan valor fitonímico. O adxectivo vello provén de VETŪLUS, diminutivo do latín VETUS ‘vello’

O primeiro rexistro que atopamos que se refira con certeza ao lugar de Viladabade é un documento do ano 1515 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago en que se menciona a *Gomes da Pereira* (está escrito *das Pereiras* pero logo riscaron os -s finais), *vecino de la felegresía de San Ç[ibrán] da Vila do Abade*.

Tamén localizamos por primeira vez nunha cadea onomástica de 1539 do mesmo arquivo o topónimo da parroquia de Tordoia: *Rodrigo do Pereyro, vezino de la feligresía de San Juan de Tordoya*. Coa forma *Pereirobello* encontrámolo polo menos desde o nomenclátor de 1864.

Pereira dá nome a numerosos lugares por todo o territorio, mais é nome de parroquia nos concellos de Ordes, O Pino, Santa Comba, Chantada, Entrimo e Forcarei. A forma simple *Pereiro* tamén é moi común como topónimo; o composto *O Pereiro Vello* só se atopa nos concellos de Tordoia e Carballo.

Como apelido, *Pereira* está máis estendido polo territorio galego ca *Pereiro*; en canto á súa presenza no concello, o primeiro rexístrase en pouco máis de vinte ocasións mentres que o segundo supera as cento cincuenta. De feito, Tordoia é o concello que maior porcentaxe de persoas apelidadas *Pereiro* presenta en Galicia.

Petón, O

Lugar da parroquia de Bardaos

Lugar da parroquia de Viladabade

No DRAG a voz *petón* aparece recollida con dúas acepcións: como ‘pedra grande que sobresaie do mar’ e como ‘pequena elevación de terreo illada e de pouca extensión’. Dado que o concello de Tordoia é un concello de interior, o topónimo fai referencia, máis ben, á segunda acepción. A palabra crese de orixe prerromana; segundo Elixio Rivas provén dunha raíz onomatopeica **pett-*, **pitt-* ‘prominencia’.

Ningún dos dous topónimos figuraba nos nomenclátors ata épocas recentes. Con todo, documentamos unhas terras chamadas *O Petón* en Bardaos, no Expediente de comprobación do Catastro de Ensenada (1761-1764), e un monte chamado *O Petón de Guisande* en Viladabade, nun documento de 1725 do Arquivo do Reino de Galicia. Eran microtopónimos e pasaron a denominar núcleos habitados.

Na actualidade, a aldea da parroquia de Bardaos forma unha unidade co lugar do Nabal Vello (véxase), polo que recibe as dúas denominacións.

Como nome de lugar, precedido ou non de artigo, só o atopamos en concellos da provincia da Coruña, tanto na costa coma no interior.



O Petón |

Picota, A

Lugar da parroquia de Bardaos

A palabra *picota* está formada a partir do substantivo de uso común *pico*, que se considera unha forma regresiva de *picar* (latín vulgar **PICCARE*, verbo onomatopeico que describe o son do paxaro *picum* ‘peto, picapau’) e o sufixo aumentativo *-ota*. Segundo o DRAG, *picota* é a ‘parte superior dun monte pouco elevado ou, por extensión, o propio monte’ ou unha ‘columna ou forza de pedra onde se expoñían os reos á vergonza pública para que servisen de escarmento, así como as cabezas dos que xa foran axustizados’.

Non temos coñecemento de que houbese unha picota de xustiza no lugar, polo que o nome seguramente faga referencia a unha zona elevada no terreo; estaríamos ante unha variante feminina de *picoto*, relativamente común na toponimia para designar elevacións.

O topónimo aparece rexistrado no nomenclátor de 1864, onde se cataloga como aldea, pero un século antes, no Expediente de comprobación do Catastro de Ensenada da parroquia (1761-1764), xa se menciona a existencia dunha casa no lugar.

A *Picota* repítese como nome de núcleo de poboación noutros concellos de Galicia.

Piñeiro

Lugar da parroquia de Viladabade

Procedente do latín *PINARIU*, *piñeiro* é a denominación máis corrente para o que o DRAG define como ‘arbore da familia das pináceas, de folla perenne en forma de agulla, que ten como froito a piña e como semente o piñón, e do cal existen varias especies’. Segundo Navaza, o feito de que o nome singular sexa máis frecuente na toponimia que os derivados colectivos fai pensar que o común era que estas árbores se atopasen máis ben dispersas e non formando bosques.

A primeira mención que encontramos sobre este lugar figura nun documento de 1523 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago, en que se vende unha parte do *lugar de Fontao* (hoxe Fontán) e do *Pineyro, que son sytos en la dicha felegresía de San Cibrao da Vila do Abad* (sic). Hoxe está considerado unha entidade intermedia que engloba varios lugares da parroquia.

Piñeiro é un topónimo que ten un gran rendemento, pois o NG rexistra máis de douscentos lugares e parroquias así nomeados ou ben que conteñen ese substantivo, como poden ser *A Gallada do Piñeiro* (Mugardos), *Piñeiro de Vales* (Oza Cesuras), ou *Chan de Piñeiro* (Bueu), entre outros moitos.

Como apelido, *Piñeiro* está entre os 25 máis frecuentes e hai portadores nas catro provincias e en case todos os concellos, aínda que no de Tordoia non se rexistra ningún.

Pintán

Lugar da parroquia de Santaia de Gorgullos

Pintán pode proceder de *Pintani*, xenitivo dun nome persoal de orixe latina *Pintanus*, que contén o radical *pint-*, variante de *pent-*, o mesmo do grego *penta* ‘cinco’. O nome *Pintano/Pintanu* figura en textos latinos de Galicia do século x.

O topónimo de Tordoia documentámolo por primeira vez en 1392, nun documento do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de Compostela.

O NG tan só rexistra outro *Pintán*, na parroquia de Salcidos, no concello da Guarda.

A Pobanza



Pispieiro

Lugar da parroquia de Anxeriz

Algúns dicionarios galegos recollen o adxectivo *pispieiro* co significado de ‘persoa curiosa, que indaga ou inquire cousas sospeitosas’. A palabra podería estar emparentada cos verbos galego *pispar* e portugués *bispar* ‘roubar’, o castelán *pizpireta* ‘persoa espabilada’ e outras que Corominas cre que proveñen dunha secuencia onomatopeica *psp* que indica a vivacidade do movemento. O topónimo poderíase interpretar entón como o alcume dun antigo propietario.

Parece moi probable que se refira a este lugar o segundo nome das cadeas onomásticas *Mariña de Pispieiro*, veciña de Xavestre, no veciño concello de Trazo, e filla de *Álvaro de Pispieiro* e Clara de Xavestre, que figuran nun documento de 1575 do Arquivo da Catedral de Santiago. Éo con certeza o *lugar de Pispieiro* mencionado nun documento de 1735, en que participa o cura de San Xens de Entrecruces, parroquia carballeira lindeira con esta de Anxeriz.

O apelido *Pispieiro* está a piques de desaparecer en Galicia pero sobrevive na Arxentina ata onde chegou coa emigración.

Pobanza, A

Lugar da parroquia de Castenda da Torre

Pobanza é un derivado de *pobo* (< lat. POPŪLUS) por medio do sufixo *-anza* (< lat. -ANTĪA), que serve para crear substantivos a partir de verbos, neste caso do latín *populare*.

O primeiro testemuño que puidemos localizar sobre este topónimo é do ano 1581 e consérvase no Arquivo da Catedral de Santiago, nun documento en que figura como *aldea da Pobanca* (sic). O artigo do topónimo segue vixente na actualidade, polo que se propuxo a súa recuperación para a seguinte versión do NG.

O NG rexistra tamén *A Pobanza* en Maside e *A Poboanza* en Amoeiro e Tui.

Pontepedra, A

Lugar da parroquia de Cabaleiros

Seguramente unha redución dun orixinario *A Ponte (de) Pedra*, formado cos substantivos *ponte* (< latín PŎNTE) e *pedra* (< lat. PETRA). O significado do topónimo resulta transparente.

Rexistramos *Pontepedra* como nome dun terreo agrícola polo menos desde o Expediente de comprobación do Catastro de Ensenada (1761-1764) e, como lugar habitado só con dúas vivendas, *Pontepedra* aparece rexistrado, tamén sen artigo, por primeira vez no nomenclátor de 1920.

Na toponimia maior galega tan só atopamos outro topónimo semellante, *A Pontepedra*, no concello de Sobrado, mais existe *A Ponte da Pedra* nos concellos de Melide, Ortigueira, As Pontes de García Rodríguez e Vigo, aínda que este último topónimo quizais faga referencia, máis ca ao material de construción da ponte, a algún elemento pétreo significativo que está preto dela.

Pontes, As

Lugar da parroquia de Santaia de Gorgullos

Correspóndense co plural do substantivo *ponte* (< lat. PŎNTE), pola existencia no lugar de dúas destas construcións, unha sobre o río Lengüelle, afluente do Tambre pola marxe dereita, e outra sobre o chamado no lugar río de Cabaleiros.

Na documentación custodiada no Arquivo da Catedral de Santiago rexístrase en veciños desta parroquia un identificador dentro das cadeas onomásticas que podería facer referencia a este lugar, mais en singular: *García de Ponte* (ano 1565), *Vasco de Ponte* (1575), *García Paz de Ponte* (1584). Non obstante non encontramos na parroquia un nome de lugar semellante na documentación consultada ata a época recente, en nomenclátore posteriores a 1970. Seguramente a construción dunha segunda ponte en época posterior ao século XVI fixo que o topónimo sexa hoxe en plural.

A voz *pontes*, en plural, ademais de dar nome ao lugar de Tordoia e formar parte do nome do concello coruñés das Pontes de García Rodríguez, atopámola en nomes de lugares de Becerreá, Cervantes, Pontevedra, Fene, Santiago de Compostela e A Pobra do Caramiñal. É moito menos produtiva na toponimia có seu correspondente singular; por poñer un exemplo, hai 79 lugares en Galicia chamados *A Ponte* e varios centos que conteñen a palabra.

Nin *Ponte* nin *Pontes* sobreviviron como apelido no concello.

Pontraga, A

Lugar da parroquia de Numide

A documentación antiga parece confirmar que *A Pontraga* foi, na súa orixe, un sintagma toponímico *A Ponte de Agra*, de onde chegamos ao resultado actual mediante a desaparición da preposición (*A Ponte Agra*), a asimilación do /e/ final de

ponte ao /á/ tónico inicial de *agra* (*A Pont'agra*) e unha posterior metátese do /r/ (*A Pontraga*).

Crémolo así porque en documentos dos séculos XVI e XVII conservados no Arquivo da Catedral de Santiago e relativos á parroquia de Numide, o lugar aínda está mencionado, segundo o seu descriptor (pois non puidemos ver o orixinal, que non está dixitalizado), como *casal de Ponte de Agra*, no ano 1546, e *lugares que se dicen de Liste y Ponte Agra*, no 1654. Outro documento de 1587 en que tamén figura o lugar está deteriorado e, a pesar de que no descriptor se citan as *heredades da Pontraga*, cremos, ao ver o orixinal, que probablemente se debería ler *da Ponteagra*, nun paso anterior da evolución. Aínda Madoz recolle *Ponteagra* no seu dicionario, en 1849.

Esta entidade de poboación, e polo tanto o topónimo, non está nos nomenclátors polo menos ata despois de 1970, pero puidemos localizalo xa como “puente de *Pontraga*, entre Órdenes y Santiago” nunha *Crónica General de España...* de 1866 ou “(ponte) *Pontraga*, de madera y terrón, sin pretilos”, no xornal *El Correo Gallego* do 8 de marzo de 1879. Parece, pois, que xa a finais do século XIX presentaba consolidada a forma moderna. Hoxe está considerada unha entidade intermedia que engloba varios lugares.

O nome de lugar é transparente e está composto polos substantivos *ponte* (< latín PŌNTE) e *agra*, plural de *agro* (< latín AGRU), definida nos dicionarios como ‘grande extensión de terra de cultivo dividida en leiras ou agros que pertencen a distintos donos’.

A forma *Pontraga* é única no *Nomenclátor de Galicia*, pero atopamos outros compostos en que o segundo elemento aparece como modificador, como *Casal de Agra* (Bergondo) e *Campo da Agra* (Ribeira), entre outros, e ás veces tamén co <r> metatizado, como sucede en *Caldraga* (> *Cal d'Agra*) en Vilalba e *Veigadruga* (> *Veiga d'Agra*) en Mondariz.



Estación vella da Pontraga

Portociños

Lugar da parroquia de Santaia de Gorgullos

Parece probable que este nome de lugar se trate dun derivado de *porto* co sufixo diminutivo *-ciño*, latín *-C-INUS*, e que faga referencia a un sitio onde hai pequenos portos, entendidos, como recolle o DRAG en terceira acepción, como ‘lugar estreito dun río, con pouca auga e pouca corrente, por onde se pode atravesar’, hipótese que parece corroborar o feito de que a aldea está próxima ao río da Pontepedra e á ferverza de Portociños.

O sufixo latino *-inus* (*-iño*) triunfou no galego actual como sufixo diminutivo produtivo fronte a *-ellus* (*-elo*: *portelo*, *choucelo*...), que perdeu produtividade despois da Idade Media. Os dous presentan unha variante co interfixo *-c-*: *-ciño*, *-celo* (*Montecelo*, *Praducelo*, *Portocelo*). Os diminutivos en *-ciño* na actualidade só se dan nuns contextos concretos, isto é, en palabras rematadas en *-n*, *-l*, *-r*, ditongo ou vogal átona (cf. *chanciño*, *papelciño*, *amorciño*, *pauciño*, *mamaciña*), en que alternan con *-iño*, e só nalgúñas áreas de Galicia, pero é moi probable que na Idade Media tivesen maior vitalidade, como seguen tendo hoxe en portugués e en castelán. Así o parecen atestar os topónimos (*O*) *Portociño/Portociños*, tamén rexistrado na microtoponimia, e outros como *A Ponteciña* (Tomiño) ou *Ponteciñas* (Coristanco).

Nun documento dos mosteiros de Toxosoutos dos séculos XII ou XIII menciónase na parroquia de Olveira (Ribeira) o topónimo *Portezino*, sen localizar, pero que talvez sexa o microtopónimo rexistrado hoxe como *Punta de Portosiños*. *Portosiño* é tamén unha forma popular, documentada polo menos desde principios do século XIX, de *Portosín*, localidade do concello do Porto do Son. Non sabemos se estas dúas formas *Portosiño* e *Portosín* conviviron desde antigo, pois noutro documento de 1562 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago menciónase a *Antonio de Portosín*; con todo, non puidemos comprobar se a lectura deste nome é correcta.



Nicandro Ares considera que *O Portociño* (e tamén *O Portociño de Arriba*, en Viveiro) pode ser ben un diminutivo de *porto* (< latín *pōrtus*), ou o propio substantivo *porto* seguido do resultado romance do acusativo do nome persoal latino *Cinnius*. Esta última hipótese presenta, así e todo, varios problemas que nos levan a rexeitala: por un lado, este nome *Cinnius* non se recolle na nosa documentación da Idade Media; ademais, deberíamos presupoñer a elisión da preposición *de* (*Porto de Ciño*) e que despois se formase un plural, nacido talvez da suma de dous lugares (p. ex.: **Portociño de Arriba* e **Portociño de Abaixo* = *Portociños*). Isto xunto coa rareza de que ese nome persoal só apareza na toponimia acompañando a palabra *porto*.

O primeiro documento en que puidemos atopar mencionado este topónimo de Santaia de Gorgullos data xa de 1587 e consérvase no Arquivo da Catedral de Santiago; alí cítanse os lugares *de Ousende y Portociños, sitos a la aldea de Guillofe*.

Pousadoiro, O

Lugar da parroquia de Anxeriz

Pousadoiro, do latín PAUSATORIUM, é un substantivo deverbais de *pousar*. O topónimo ten significado orográfico e designa espazos chans ‘situados nun camiño pendente ou ben nunha parte do camiño onde a pendente se fai menos pronunciada’, aproveitados polos camiñantes para repousar.

O primeiro rexistro inequívoco deste topónimo é do ano 1401, nun documento da Universidade de Santiago en que se vende o “casal et herdade do *Pousadoiro* en que agora mora Afonso da Carreira, da figlísia de santa Mariña d’Anxeriz”.

Hai máis de 20 lugares en Galicia que se chaman *O Pousadoiro* ou que conteñen esta palabra. Este nome de lugar non xerou apelido ou, se o xerou, non se conserva.

Rabo de Lobo

Lugar da parroquia de Bardaos

O topónimo é transparente, constituído polos substantivos comúns *rabo* (< lat. RAPUM), que adoita empregarse na toponimia para designar formacións ou propiedades agrícolas con forma estreita e alongada, e *lobo* (< latín LUPUS).

Sabemos da existencia deste lugar xa en 1539, pois alí realizase unha venda de trigo entre veciños das parroquias de Rus e de Bardaos, segundo un documento do Arquivo da Catedral de Santiago.

É un topónimo único, mais os substantivos que conforman esta cadea aparecen noutros nomes de lugar coma en *Rabo de Gato* (Ortigueira, As Somozas e Silleda), *A Forca do Lobo* (Cabana de Bergantiños), *O Pao do Lobo* (Cerceda), *Pouta do Lobo* (Espasante), *A Cruz do Lobo* (Barreiros) e *Fonte do Lobo* (Becerreá), entre outros.

Raña

Lugar da parroquia de Santaia de Gorgullos

Do substantivo *raña* que, no dicionario de Leandro Carré, se recolle cos significados de ‘rápido desnivel ou declive no leito dun río de fondo pedregoso’, ‘terreno alto e de monte pobre’. Podería provir do verbo *rañar* que, segundo Corominas, é aférese de *arañar*, e este quizais de *arar*. Con todo, cremos que non se pode descartar unha orixe máis antiga, prerromana.

O lugar xa existía, se non antes, no século XIV, pois hai un documento de 1392 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago escrito “enno lugar que chaman *Raña*, que é em freguisía de Santa Aya dos Gorgullos”, en que participan entre outros, *Fernán da Rraña e seus yrmãos*. En 1586 tamén se menciona nun documento do Arquivo da Catedral de Santiago a *Jácome da Raña, labrador, veziño de Santa-ya dos Gorgullos*. Se este nome de lugar levaba artigo na antigüidade, como parece por estas atestacións, hoxe perdeuno.

O topónimo rexístrase en todo o territorio galego, con artigo diante ou sen el, e tamén no composto *O Cabo de Raña*, no concello de Pazos de Borbén. Está emparentado cos derivados *Rañoa*, *Rañestres* etc.

O lugar de Santaia de Gorgullos debeu ser un dos focos de formación do apelido *Raña*, pois na provincia da Coruña a maioría dos seus portadores residen en Tor-doia, Cerceda e outros concellos das comarcas de Bergantiños, Ordes e O Xallas.

Rapadoiro, O

Lugar da parroquia de Anxeriz

O substantivo *rapadoiro* explícase nos dicionarios como o ‘lugar en que se rapa ou tosquia’. Con todo, na toponimia é máis probable que, coma outros derivados como *As Rapadas*, *Rapadoiro* etcétera, se refira a terras con toxos e xestas que se *rapan* cada certo tempo para producir carbón vexetal. É, en última instancia, un derivado de *rapar* (< gótico **hrapon* ‘arrebatar, arrincar, tirar do cabelo’) mailo sufixo *-toriu*, que adoita formar substantivos que denominan o lugar onde se realiza a acción indicada polo verbo do cal derivan.

O Rapadoiro localizámolo como lugar de Anxeriz por primeira vez no dicionario de Madoz.

Hai outros lugares nomeados así nos concellos de Carballo, Narón e San Sadurniño.

Reboredo

Lugar da parroquia de Santaia de Gorgullos

Proven do latín ROBORĒTO, derivado do substantivo latino *robōre*, que designa a especie *Quercus robur* e que non tivo implantación no léxico común do galego

debido á pervivencia da voz prerromana da cal procede *carballo*; o sufixo -ETUM < -*edo* engádelle ao topónimo o matiz colectivo.

Encontramos este lugar mencionado por primeira vez nun escrito de 1546 que se conserva no Arquivo Histórico da Universidade de Santiago e polo que se lle arrenda a “Juan Ferreyro el Moço, vezino de Santaya dos Gorgullos... el casal y lugar que se dize de *Reboredo*”.

Reboredo, con artigo ou sen el, é un topónimo frecuente en toda Galicia, que atopamos tamén en compostos como *Reboredo de Arriba*, *Reboredo de Abaixo* e *Reboredo do Medio*, en Val do Dubra, e *Reboredo Grande* e *Reboredo Pequeno* en Brión.

O apelido *Reboredo*, con presenza en Tordoia, pode provir neste concello do nome do lugar de Santaia de Gorgullos.

Rego, O

Lugar da parroquia de Andoio

Estamos ante un topónimo transparente, proveniente da palabra do léxico común *rego* ‘pequeno suco natural polo que corre a auga’. Crese que este substantivo provén do celta **reku* ‘gabia’ e que seguramente conflúe cos derivados do verbo latino *rigare* ‘regar’.

Se non o podemos documentar antes, sabemos que xa era un lugar habitado no século XVIII, pois no Expediente de comprobación do Catastro de Ensenada (1761-1764) inscribíase unha casa no lugar chamado *O Rego*.

O substantivo *rego* tivo un grandísimo rendemento toponímico tanto na súa forma simple coma formando parte de compostos, que adoitan seguir o esquema determinante artigo + substantivo + modificador, por exemplo, *O Rego do Seixo* (Boimorto), *O Rego do Sapo* (Guitiriz), ou *O Rego Novo* (As Neves). Menos frecuentes son os topónimos en que *rego* aparece como modificador: *Goiáns do Rego* (Carballo) ou *O Cal do Rego* (Ortigueira).

O apelido *Rego*, aínda que se espalla por toda Galicia, ten especial presenza na provincia de Lugo. No concello de Tordoia non se rexistra ningunha ocorrencia.

Regueiro, O

Lugar da parroquia de Numide

O substantivo *regueiro* defínese nos dicionarios como ‘un curso de auga pouco abundante’; é un derivado de *rego* (véxase *Rego, O*) ao cal se lle engadiu o sufixo -*eiro*.

Encontramos xa atestado o nome deste lugar, con variación no vocalismo átono, en cadeas onomásticas dun documento do ano 1570 (*Gregorio do Rigueiro*, reitor do beneficio de Castenda, e *Pedro do Rigueiro*, seu irmán, veciño de Numide), que se conserva no Arquivo da Catedral de Santiago.

É un topónimo habitual en numerosos concellos de Galicia, máis frecuente coma *O Regueiro*, pero tamén atopamos topónimos compostos como *O Regueiro da Vila* (Salvaterra de Miño), *Casal e Val do Regueiro* en Ramirás e Ourense, respectivamente, ou *Regueiro Cavado* (San Sadurniño) e *Regueiro Escuro* (O Páramo).

Os portadores do apelido *Regueiro* en Tordoia poden ter a súa orixe remota neste nome de lugar de Numide.

Revolta, A

Lugar da parroquia de Cabaleiros

Na toponimia, a voz *revolta* pode describir unha curva nun camiño e, polo tanto, ter orixe no substantivo *volta* (do latín vulgar *VOLŪTA, lat. clásico *volūta, participio pasado de *volvĕre* ‘desenvolver’), ao que se lle engade o prefixo *re-*. Outra posibilidade é que se refira a parcelas de monte onde se cultiva en rotación, polo tanto, o seu étimo correspóndese co participio do verbo *revolvĕre* ‘retroceder, facer un traxecto en sentido inverso’.

Menciónanse unhas terras chamadas *A Rebolta* no Catastro de Ensenada, en 1752, e *As Reboltas* no Expediente de comprobación dese catastro (1761-1764), pero como entidade de poboación non localizamos este nome na documentación antiga consultada e non se recolle nos nomenclátors ata época moderna.

Hai preto de corenta lugares en Galicia que se chaman (*A*) *Revolta* ou que conteñen a palabra no seu nome.

Ribeiro, O

Lugar da parroquia de Anxeriz

Ribeiro, o masculino de *ribeira* (do latín RIPARIA ‘beira dun río’) rexístrase nos dicionarios galegos cos distintos significados, principalmente ‘corrente de auga’, ‘sitio da marxe dos ríos destinado a recibir madeira’ e ‘lugar cercado que se fai á beira das presas para que non desborden’. Tendo en conta a situación do lugar, a poucos metros do rego do Rial, que máis adiante recibe o nome de río Dubra, calquera destas acepcións pode ser adecuada.

O Ribeiro aparece rexistrado por primeira vez como aldea da parroquia de Anxeriz na *Geografía* de Carreras Candi, en 1928, pero no Expediente de comprobación do Catastro de Ensenada (1761-1764) menciónanse na parroquia unhas terras chamadas *Leira do Ribeiro*.

No NG figuran numerosos lugares co mesmo nome nas catro provincias galegas, ben precedido de artigo, ben sen el. Das formas que pode presentar o apelido en Galicia, a normalizada *Ribeiro* e as alteradas *Riveiro*, *Ribero* e *Rivero*, ningunha ten portadores en Tordoia.

Saboi

Lugar da parroquia de Castenda da Torre

Considérase que o seu étimo é o nome persoal de orixe xermánica **Sabone*, composto pola raíz *sab-*, con posible orixe en **suába*, o nome étnico dos suevos. No ano 1020, unha testemuña chamada *Savoy* asina un documento do mosteiro de Samos.

Aínda que un lugar chamado *Saboi* ou *Savoi* xa está atestado no século X en textos latinos de Galicia, a primeira mención que se refire con certeza a este topónimo de Tordoia aparece nun documento de 1530 conservado no Arquivo da Catedral de Santiago, sobre a venda nun terreo no lugar de Saboi.

Na parroquia de Angudes, no concello de Crecente, hai un lugar tamén chamado *Saboi*, que é orixe do apelido galego *Saboy*, ausente en Tordoia, que sobreviviu con esta grafía antiga nalgúns municipios do sur de Pontevedra.

Salgueiros

Lugar da parroquia de Cabaleiros

Segundo Gonzalo Navaza, *Salgueiros* procede de SALĬCARIŌLAS, diminutivo de SALĬCARIA, que deu o topónimo *Salgueira*, cuxo xénero feminino puido ter orixe nun significado colectivo da árbore chamada *salgueiro*.

A primeira atestación que coñecemos deste nome de lugar é do ano 1407, dun documento do Arquivo da Universidade de Santiago polo que se vende a *herdade que chaman de Salgueyroos*, da *frigresia de sam Gíao dos Caualleiros*, e dado o resultado actual feminino, podemos pensar que houbo unha tendencia na zona a unha solución en -ó destes diminutivos (coma *mó* ou *avó*, característica do suroeste de Galicia), e que logo recuou á común -oa (*moa*, *avo*a).

O topónimo repítese, ademais de en Tordoia, na parroquia de Ser, en Santa Comba.

Samede

Lugar da parroquia de Andoio

Este lugar de Tordoia, onde está a igrexa parroquial (e por iso se rexistra como *Iglesia (La)* nalgún mapa e nomenclátor antigo), recibe o nome da advocación relixiosa da freguesía á que pertence; é, por tanto, un haxiotopónimo. *Samede* é unha forma popular de *San Mamede*, santo protector dos pastores e do gando nas montañas. A etimoloxía do nome lígase á dos cognomes romanos *Mameus*, *Mammeanus* e *Mammatus*, todos relacionados co latín *mamma* ‘peito, mamila’, igual ca *mámoa*.

Un escrito en latín datado en 924 é o primeiro documento en que puidemos localizar o topónimo, referido á propia igrexa: *Andogio cum ecclesia Sancti Mametis*.

Como topónimo repítese nos concellos en Abegondo, Paderne, Friol e Irixoa, onde o atopamos formando parte do composto *Cal de Samede*.

Santaia de Gorgullos (Santaia)

Parroquia de Tordoia

Santaia

Lugar da parroquia de Santaia de Gorgullos

A parroquia está documentada como *Sancta Eolalia de Gorgolis* xa no ano 1228. En textos en latín do século xv do mosteiro de Toxosoutos denomínana *Sancta Vaye de Gorgullos*. Pero a principios dese século xa o nome da santa debía presentar unha forma romance próxima á actual, pois nun documento de 1405 da Universidade de Santiago figura como *Santa Aya dos Gorgullos*. En 1575 menciónase o foro do lugar de *Santaya dos Gorgullos* nun documento do Arquivo da Catedral de Santiago. Na actualidade perdeu o artigo, que aínda se conservaba en textos escritos a mediados do século xvii, e seguramente moito máis tarde na lingua oral dos seus habitantes. Para a próxima edición do NG, propúxose a inclusión da santa titular no topónimo, tal como o citamos neste libro, pois é frecuente entre os veciños a denominación da parroquia como *Santaia* ou *Santaia de Gorgullos*.

A segunda parte do nome desta parroquia parece proceder do substantivo *gurgullo*, en calquera das súas dúas acepcións, isto é, ben un ‘insecto da orde dos coleópteros de cor parda escura, corpo de forma oval, que vive nas sementes dos cereais e legumes’, polo que ben podería ser un alcume dos seus primeiros habitantes, ou ben designar ‘lugares onde nace a auga facendo gurgullas’, hipótese máis probable pola abundancia na toponimia desta fértil parroquia doutros nomes de lugar que fan referencia á auga.



Igrexa de Santaia

No primeiro caso, un zootopónimo, o étimo é o latín *gurgulio*, *-one*; no segundo, un hidrotopónimo, podería provir do latín vulgar *gurga* (clásico *gurges* ‘remuíño de auga’, ‘sima, abismo’) ou dunha raíz prerromana **gurga* ‘manancial’.

O topónimo *Gorgullos* é único, mais podería estar emparentado co nome *O Gorgullón*, rexistrado nos concellos de Montederramo e Caldas de Reis, ou con *Gorgueiro*, en Agolada.

O apelido *Gorgullo*, con poucos portadores en Galicia e sen rexistros en Tordoia, seguramente non ten a súa orixe neste topónimo senón nun sobrenome, o que explica tamén a súa presenza no Brasil e en Portugal; aí coa forma *Gorgulho* é bastante máis frecuente.

Santaia, a advocación que tamén dá nome a un dos lugares da parroquia, aquel onde está a igrexa, provén do latín SANCTA EULALIA, unha mártir cristiá nacida en Mérida no século IV. O culto a esta santa é un dos máis antigos de Galicia, do século V, o que pode ser proba da antigüidade da parroquia. *Eulalia* é un nome de orixe grega que significa ‘a que fala ben’ e, como nome da santa, ofrece en galego moitas variantes como *Aia*, *Alla*, *Baia*, *Balla*, *Oalla* ou a culta *Eulalia*. A solución *Santaia* explícase pola caída dos *-l-* intervocálicos de *Eulalia*.

Como nome de lugar, *Santaia* é topónimo característico de concellos coruñeses, o mesmo ca *Santalla*; *Santa Baia* rexístrase por toda Galicia. Como apelido, a *Cartografía dos Apelidos de Galicia* rexistra as formas *Santalla*, *Santaballa*, *Santoalla*, *Santabaya*, *Santaya* (estas dúas con grafía antiga) e a castelá *Santaolaya*. Non hai portadores de ningún destes apelidos na actualidade en Tordoia.

Santiavedra

Lugar da parroquia de Bardaos

O nome *Santiavedra* está composto por *Santia*, unha alteración de *Santaia* (véxase) e un segundo elemento *vedra* (< lat. VĚTĚRA ‘antiga, vella’), adxectivo modificador do primeiro.

Así se evidencia na documentación máis antiga que encontramos en relación con este lugar, hoxe de Bardaos, pero pertencente á desaparecida parroquia de Santa Susana de Arcai; segundo un documento de 1526 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago arréndase o *casal de Santavaya Vedra*, sito na freguesía de *Santa Susana de Arcay* (véxase *Arcai*), e noutro de 1557 en que tamén se lles arrenda a uns veciños de *Santa Susana d’Arcay* o *lugar y casal de Santayabedra*. Coa forma *Santayavedra* aínda se rexistra nos nomenclátors do século XIX e xa, polo menos desde 1920, como *Santiavedra*, a forma actual e a única que din coñecer os veciños.

Parello a este topónimo de Tordoia, pero hoxe cunha evolución máis cultista, é o nome da parroquia de *Santa Eulalia de Vedra*, que tamén figura en textos antigos coa forma *Santa Vaya Vedra*, como nun de 1380 do convento de Santa María de Belvís ou outro do Arquivo Histórico da Catedral de Santiago de 1495.

Sares

Lugar da parroquia de Viladabade

De etimoloxía opaca, *Sares* podería ser un hidrónimo prerromano e, coma o nome do río *Sar*, ter orixe na raíz prelatina **ser* ‘fluír’. Menos probable parece que sexa unha variante de *Seares* (cf. *Seares de Arriba* e *Seares de Abaixo*, na parroquia de concello de Ames), que Bascuas, a partir das formas da documentación medieval *Senares*, considera unha forma seseante do patronímico *Seárez* (< SENARICI) do nome *Senario*, recollido en repertorios latinos. Esta hipótese ten como pexa que só chegaron a nós os patronímicos dos nomes medievais moi frecuentes (*Rodríguez*, *Vázquez*, *Méndez*...), o que non é o caso de *Senario*.

Calquera dos lugares, este *Sares* de Tordoia ou os *Seares* de Ames, podería ser o mencionado na cadea onomástica *García de Sares* (veciño de Villestro), rexistrada nun documento de 1546 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago. Non obstante, é moi probable que faga referencia a un dos lugares de Ames, xa que non volvemos rexistrar o lugar de Viladabade en textos antigos ata o nomenclátor de 1930, onde figura coa categoría de *casas de labor*.

Seixán

Lugar da parroquia de Cabaleiros

Talvez provén do xenitivo do nome persoal *Saxianus*, que figura nalgún repertorio de nomes latinos, cuxa evolución fonética pode producir o resultado *Seixán*. Tampouco se pode descartar que sexa alteración dalgunha outra voz como (*O*) *Seixal*, repetido máis de dez veces no actual nomenclátor.

Seixán é un único en Galicia. Non se encontraron atestacións deste nome de lugar ata o nomenclátor de 1864, en que figura castelanizado en *Seiján*.

Soufe

Lugar da parroquia de Cabaleiros

Este topónimo provén do nome persoal *Sonulfus*, formado, segundo Piel e Kremer, por dúas raíces xermánicas. A primeira, *son*, ou ben provén do gótico **sôna* e significa ‘expiación, conciliación’ ou pode estar relacionada co gótico **sunus* ‘fillo’; a segunda, *ulfus*, deriva de *wulfs* ‘lobo’.

Pódense referir a este lugar as atestacións *Saufi* do ano 1234, dun texto do mosteiro de San Martiño Pinario, e *Soenfe*, de 1380, nun documento do convento santiagués de Belvís, pero non temos certeza. Non hai dúbida sobre o *casal de Soufe* mencionado nun documento de 1522 ou a “aldea de *Soufe* que es en la dicha feligresía de San Gyán de los Cabaleyros” noutro de 1537, os dous no Arquivo Histórico da Universidade de Santiago.

Aínda que *Soufe* é un topónimo único, podemos relacionalo con outros topónimos rematados en *-ufe*, coma *Guillufe* (véxase), na parroquia veciña de Santaia de Gorgullos.

Tablilla, A

Lugar da parroquia de Bardaos

Bascuas estuda o topónimo galego *Tablilla* dentro do apartado que dedica á raíz hidronímica indoeuropea **tā-* ‘derreterse, fluír’, dado que existen en Cidade Real unha localidade e un río chamados *Tablillas*. Tamén considera que podería ser un derivado da voz *táboa*, procedente do latín **TAB-(U)LĪ-CŪLA*, e que, no canto do resultado regular esperado **Tablella*, a vogal tónica inflexiona (pecha un grao) en *tablilla*. Sería, pois, unha evolución semellante á de *CLAVĪCULA* < *caravilla* ‘pecho consistente nun gancho metálico que engancha nunha argola’. Tamén cabe a posibilidade de que sexa un préstamo recente do castelán. En calquera dos casos, descoñecemos a motivación que orixinou o topónimo.

Quizais o lugar naceu por un establecemento comercial, pois nalgúns tempos a autoridade requiría a colocación dunha “tablilla” ou táboa pequena nos mesóns ou nas tabernas para fixar prezos e outros anuncios, como se menciona en documentos do século XVI do Arquivo do Reino de Galicia: “Juan de Losada con Pedro Díaz del Carril, sobre fijar *tablilla* de mesón y arancel en la villa de Carril”; ou posteriores, coma estes do Arquivo da Universidade de Santiago: “Memorial del alcaide de la cárcel seglar para que se publique en la *tablilla* la prohibición de entrar con armas a la dicha cárcel” (1756), “Petición de Roque Suárez, diputado del común, solicitando se fije *tablilla* con los precios en la cortaduría y puesto del repeso de carnes” (1802), “Acuerdo para que tanto el alguacil como las vendedoras de pescado extreme la custodia de la *tablilla* con los precios” (1802) etcétera.

Non dispoñemos de atestacións antigas do topónimo, que non figura nos nomenclátors ata a época actual.

O lugar de Tordoia parece que naceu como expansión da localidade do mesmo nome na parroquia lindeira de Rodís, do concello de Cerceda, que tampouco demos localizado en textos antigos e que non aparece nos nomenclátors ata o de 1970. Aparentemente a construción de vivendas, e polo tanto a creación do núcleo de poboación en terreos do concello de Bardaos, é posterior a esa data.

Tañe

Lugar da parroquia de Cabaleiros

Bascuas propón para este topónimo unha orixe prerromana, cun étimo derivado da raíz hidronímica **ta-* ‘derreterse, fluír’, ou ben do céltico **tannyo-*, en relación con **tanno-* ‘carballo, aciñeira’, cuxa códea se usaba para o curtido de peles (de onde o topónimo *Tanoiro*). Por outra banda, Piel considérao un antropónimo proveniente do xenitivo do nome latino *Tannius*.

É un topónimo único, pero tamén se contén en *Castrotañe* (en Pantón), o que parece reforzar a idea de que a súa orixe é un nome persoal (como en *Castrobuxán*, *Castrolázaro*, *Castro Ramiro*...).

Non puidemos encontrar documentación sobre este lugar de Tordoia antes do século XVI; a máis antiga é un texto de 1529 gardado no Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de Compostela sobre a *thenençia de Thane y Villamartín* (Vilamartín, en Bardaos).

Tarroeira

Lugar da parroquia de Castenda da Torre

O substantivo *terroeira*, do cal este topónimo é variante fonética, defínese como ‘ribazo formado por terra ou pedras’ e ‘terreo cheo de terróns’. É un derivado de *terra* (< lat. TĒRRA).

No Catastro de Ensenada recóllese na parroquia unhas terras chamadas *A Tarroeira*, pero non o rexistramos como aldea ata o nomenclátor de 1930.

O topónimo repítese en nove concellos da provincia da Coruña, incluído o de Tordoia, en tres de Lugo (Abadín, Guitiriz e O Vicedo) e nun, Valga, na de Pontevedra.

Tercio de Abaixo, O

EntiLugar da parroquia de Viladabade

Tercio de Arriba, O

Lugar da parroquia de Viladabade

O núcleo deste sintagma toponímico, *tercio* (< latín TERTĪUM), recóllese no *Glosario* de C. García (DdD) na área de Santiago de Compostela co significado de ‘tipo de alquiler de terras según el cual una parte de lo obtenido es para el que pone la tierra y tres para el que la trabaja y pone los materiales’, o que lle acae ben como motivación do nome do lugar e concorda con outras maneiras de arrendamento ou distribución da terra que se basean nun numeral e que pasaron á toponimia: *Os Cuartos*, *As Cartas*, *O Quinto*, *Quintas* etc.

En realidade, hoxe *O Tercio de Arriba* e *O Tercio de Abaixo* xunto con *Liste* (véxase) son para os veciños entidades intermedias que engloban varios lugares. No Plan Xeral de Ordenación Urbana (PXOM) de Tordoia, o concello menciona o topónimo *O Tercio do Medio*, que non puidemos localizar.

Ademais deste de Tordoia, hai outro lugar chamado *O Tercio* no concello de Paderne e tamén é unha voz frecuente na microponimia. Algo máis frecuente como nome de lugar é o feminino (*As*) *Tercias*, que ten unha variante *Terzas*.

Tibiáns

Lugar da parroquia de Viladabade

Crese que este nome de lugar deriva de TEUDILANIS, xenitivo do nome masculino de orixe xermánica *Téudila*, *-anis*, composto pola raíz gótica *thiuda* ‘pobo’ e o sufixo hipocorístico *-ila*.

O lugar de Tordoia puidémolo datar en documentos do século XVII, entre eles un de 1686, o testamento de Alberto Suárez, veciño de Viladabade, *ermitaño en la ermita de Nuestra Señora de Tibiáns*.

Da mesma orixe é o nome da parroquia ourensá de *Tibiás*, no Pereiro de Aguiar, e o último elemento de *Mire de Tibães*, parroquia de Braga, onde está o mosteiro de *San Martiño de Tibães* que, segundo a tradición, foi fundado no século VI.

Tordoia (San Xoán)

Parroquia de Tordoia

Algún autores cren ver en *Tordoia*, un únicum, o composto **Turodo-briga* ‘cidade dos Turodos’, pero esta hipótese ten graves problemas fonéticos, posto que, entre outras cousas, *-briga* adoita evolucionar como *-bre* (coma en *Alcabre*, *Boebre*, *Bañobre* etc.). É Edelmiro Bascuas quen advirte estes problemas e propón un hidrónimo derivado da raíz indoeuropea **ter-* ‘frotar’, emparentado con outros nomes de lugar como *Tórdea*.

Este topónimo está datado polo menos desde o século XIII: podería ser un *Turduya* citado no Tombo de Toxosoutos en 1240 e é con certeza o atestado como *Sancto Iohanne de Tordoya* nun texto de 1242 do mosteiro de San Martiño Pinario.

A advocación de San Xoán é das máis antigas da Península; o nome do santo provén do latín IOHANNE e este do hebreo *Iohanan* ‘Deus tivo misericordia’.

En Galicia o apelido *Tordoya*, que mantiña unha grafía arcaica consolidada por influxo do castelán, aínda existía no século XVIII, pero na actualidade desapareceu. Con todo, as case cen ocorrencias que se rexistran en España e os *Tordoya* de América do Sur teñen con bastante seguridade orixe no nome de lugar deste concello.

Torna, A

Lugar da parroquia de Castenda da Torre

O substantivo *torna* rexístrase no dicionario da RAG como ‘abertura nun rego por onde se torna a auga para outro rego poñendo un terrón ou un montón de pedras e de terra’, ‘rego que se ara en diagonal aos regos principais’ ou ‘cada un dos anacos de terra dunha leira dedicados a cultivos diferentes’ e ‘quenda para facer uso da auga dun rego’; o topónimo puido nacer a partir de calquera deses significados. É un derivado do verbo *tornar* ‘facer que [algo ou alguén] se vaia de onde está ou se desvíe do camiño que leva’ e este provén do latín TORNARE ‘xirar; traballar co torno; redondear’.

Aínda que na actualidade no *Nomenclátor de Galicia* non figura este topónimo nin outros semellantes, hai noticia doutras entidades chamadas *A Torna* ou *As Tornas* en concellos como Trazo, Aranga ou Outeiro de Rei, que talvez se incorporen en edicións posteriores, e tamén se rexistra o nome na microtoponimia.

O lugar de Tordoia non o encontramos rexistrado na documentación antiga. Con todo, na comprobación do Catastro de Ensenada da parroquia, feita en 1761, encontramos unhas terras de labor que reciben a denominación de *Torna Salgueira* que, coa perda do segundo elemento, poderían corresponderse coas que hoxe ocupa a localidade.

Torre, A

Lugar da parroquia de Anxeriz

Lugar da parroquia de Castenda da Torre

Casa no lugar de Santaia, na parroquia de Santaia de Gorgullos

O substantivo *torre* provén do latín TŪRRIS, termo que designaba un ‘edificio elevado de orde civil ou militar, un palacio ou un lugar fortificado’.

A torre que dá nome ao lugar da parroquia de Castenda (véxase) foi destruída durante a Gran Guerra Irmandiña (1467-1469). Non temos noticia das construcións que remiten aos outros dous nomes de lugar homónimos do concello. *A Torre* de Anxeriz debe ser a que xerou o segundo nome das cadeas onomásticas *María da Torre*, filla de *Mariña da Torre*, veciña que fora de Santa María de Anxeriz, rexistrado nun documento do ano 1576 do Arquivo da Catedral de Santiago. Non puidemos localizar *A Torre* que figura no NG na parroquia de Santaia de Gorgullos na documentación antiga e tampouco se rexistra nos nomenclátors ata o actual; realmente é unha única casa e as súas dependencias, que forma parte da localidade de Santaia.

Torre é un topónimo ben frecuente no territorio galego, que pode aparecer con artigo ou sen el e que tamén atopamos en compostos como *A Torre de Carboentes* (Rodeiro), *Torre do Sino* (Pontearas), *Outeiro da Torre* (Maceda), ou, entre outros moitos, no propio concello de Tordoia no nome da parroquia de *Castenda da Torre*. O apelido *Torre* non ten portadores neste municipio.

Uces, As

Lugar da parroquia de Bardaos

Este nome de lugar é a forma plural do substantivo *uz*, un arbusto da familia das ericáceas tamén chamado *breixo*, *torga* ou *urce* (*Erica arborea*). Procede do latín ŪLĪCE, que evolucionou de dúas maneiras: coa caída do -l- intervocálico e o resultado *uz*, ou coa súa conservación e posterior rotacismo trala caída da postónica (ŪLĪCE > *ul’ce* > *urce*).

No NG atopamos exemplos dos dous resultados: o primeiro, na súa forma singular *A Uz*, en Carballedo, ou *A Fonte da Uz*, en Palas de Rei, e o plural *As Uces*,

ademais de neste, no concello de Trazo; o segundo no derivado colectivo *O Urzal*, en Arbo.

Non sabemos se antes, pero na época en que se realizou o Expediente de comprobación do Catastro de Ensenada (1761-1764), xa estaba habitado este lugar de Tordoia.

Viladabade (San Cibrán)

Parroquia de Tordoia

É un topónimo transparente que fai referencia a un antigo posesor da vila, que ostentaba o rango eclesiástico de abade ou levaba o nome persoal ou o sobrenome *Abade*.

O substantivo *vila* provén do latín *VILLA* ‘casa de campo’ e primeiro designou unha vivenda agrícola coas súas dependencias e logo un grupo de vivendas rurais, cun significado semellante a *aldea* ou *lugar*. Ata o século XI a palabra *vila* non se empeza a utilizar para denominar localidades meirandes, máis urbanas e con certos privilexios. Deste xeito, as poboacións pequenas que conteñen a palabra no seu nome adoitan ser de existencia moi antiga. A palabra *abade* provén do latín *ABBATEM* ‘pai’ e esta en orixe do arameo *abba*, co mesmo significado; puido ser nome persoal e foi sobrenome (*Petrus dictus Abade*, ano 1253) que se converteu en apelido, hoxe castelanizado en *Abad*.

Este lugar de Tordoia rexístrase polo menos desde o século XV en documentos do Arquivo da Catedral de Santiago. Os primeiros que puidemos consultar (por estar dixitalizados), xa de principios do século XVI e en castelán, rexistran o topónimo como *San Cibrán da Vila do Abad*. Na actualidade perdeu o artigo, ben documentado nos séculos pasados, e na próxima versión do nomenclátor está proposta a forma contracta *Viladabade*, fronte á que figura no NG actual, *A Vila de Abade*.

É un topónimo único, mais no *Nomenclátor de Galicia* tamén encontramos *Vilabade* (Ortigueira, Castroverde). Outros topónimos relacionados semanticamente son *Casal de Abade* (Verea e Vigo), *Penabade* (Ouro), *Portabade* (Pantón), *Vilar de Abade* (Rois) ou *Lamas de Abade* (Santiago de Compostela), entre outros.

Vilarescuro

Lugar da parroquia de Castenda da Torre

Composto polo substantivo *vilar* (< latín *VILLARE* ‘relativo á granxa, á casa de campo’) e o adxectivo *escuro* (< latín *OBSCURU* ‘sombrizo, escuro, tebroso’). Así o atestamos nos rexistros máis antigos que atopamos na documentación; o primeiro de 1325 nun texto que se garda na Universidade de Santiago, na cadea onomástica *Pero Eanes de Villar Escuro*.

A mesma forma *Vilar Escuro* recóllese en 1752, no Catastro de Ensenada. No século XIX rexistrouse no dicionario de Madoz coa forma alterada e castelanizada

Vilaoscuro e quizais iso levou a que apareza a forma equivocada de *Vilaescuro* no nomenclátor actual (NG 2003). Desde os primeiros nomenclátors normalizados ata polo menos o de 1970 mantivo a forma orixinal, agora amalgamada, *Vilaescuro*, que xunto a castelanizada **Vilaroscuro*, é a única na fala dos veciños. Por estes motivos, propoñemos que se recupere a forma correcta no próximo *Nomenclátor de Galicia*.



Vilaescuro

Vilamartín

Lugar da parroquia de Bardaos

Proven da locución VILLA MARTINI, isto, é un composto de *vila* (véxase *Viladabade*) e o xenitivo do cognome latino *Martinus*, un derivado de *Mars*, *Martis*, nome do deus da guerra Marte; como nome persoal, *Martinus* evolucionou a *Martiño*.

Atestamos este topónimo por primeira vez en 1529, nun documento gardado no Arquivo Histórico da Universidade de Santiago sobre a *thenençia de Thane* (Tañe, parroquia de Cabaleiros) y *Villamartín*.

Non estamos ante un topónimo único, pois ademais de varios lugares así nomeados en Lugo e Ourense, temos, tamén nestas provincias, respectivamente, as parroquias de *Vilamartín Pequeno*, en Barreiros, e *Vilamartín de Valdeorras*, no concello homónimo.

Vilaprego

Lugar da parroquia de Bardaos

O topónimo que dá nome a este lugar e a unha antiga xurisdición do Antigo Réxime, *Vilaprego*, segue a estrutura morfolóxica e semántica do xa comentado *Vilamartín*: un composto de *vila* máis nome de posesor. A única obxección aquí sería o feito de que *Prego*, derivado regresivo do latín *plicare* ‘pregar, dobrar’, é un sobrenome e

non un nome persoal, como atopamos na maioría de topónimos referidos a posesores, como o *Vilamartín* citado, no mesmo concello de Tordoia. Porén, aínda que son os menos, no NG hai algún topónimo que segue este esquema e presenta como segundo elemento un apelido; é o caso de *Vilafernández/Vila Fernández* (Dumbría e Santiago de Compostela), *Vilaestévez* (Zas e Lugo) ou *Vilasanche* (Ferrol).

Ademais, o apelido *Prego*, documentado xa no século XI, está ben atestado nesta área na Idade Media, como por exemplo *Affonso Gomes Prego, ptegeyro de Duvra*, no ano 1327 ou *frey Gomes Prego (em fregesía de santa María dos Gorgullos)*, en 1392, exemplos tomados de documentos do Arquivo da Universidade de Santiago. Na actualidade ten portadores nos concellos da Laracha, Ordes, Cerceda e Carballo, veciños de Tordoia.

Seguramente a combinación do apelido castelanizado *Villar* con este apelido *Prego* (que eran, por exemplo, os apelidos dun rexedor, tamén doutor da Universidade de Santiago) levou a que, en ocasións, nos rexestos da documentación antiga e mesmo no Catastro de Ensenada e nos expedientes de comprobación posteriores, figurase o nome da xurisdición erroneamente como *Vilaprego*. Os veciños consultados só recoñecen para este lugar o nome de *Vilaprego*.

O primeiro rexistro do topónimo que puidemos localizar nos textos antigos aparece nun foro de 1505 do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago en que se mencionan as *casas de Villa Prego*.

Vilar

Lugar da parroquia de Castenda da Torre

Vilar, O

Lugar da parroquia de Bardaos

Lugar da parroquia de Cabaleiros

Lugar da parroquia de Viladabade

O substantivo *vilar* provén do latín medieval *VILLĀRE*, un derivado do latín *villa* empregado co significado de ‘vivenda e anexos dunha explotación agrícola e gandeira’, significado que non dista dos rexistrados na actualidade polo dicionario da RAG: ‘conxunto de casas que forman, xeralmente, un grupo separado dentro da aldea’ e ‘grande extensión de terra de cultivo dividida en leiras ou agros que pertencen a distintos donos’.

Xa no século XVI temos documentados todos estes lugares de Tordoia, que seguramente naceran algún século atrás. Así, por exemplo, no Arquivo Histórico da Universidade de Santiago consérvase un documento de 1523 polo que se vende o muíño que *se dize do Capelo*, que está no *lugar de Villar, felegresía de Santa María de Castenda*. No Arquivo da Catedral de Santiago hai un preito do ano 1570 dun veciño que foi de *San Cibrao de Billa do Abade, sobre el my lugar y casal que se dize y nonbra do Bilar* e un documento de 1578 en que se menciona a *Marina de*

Bilar, veciña de *Sangiao dos Cavaleiros*; finalmente, neste mesmo arquivo e de 1569 gárdase unha escritura realizada no *lugar do Vilar, felegresía de Santa María*, pola que se outorga un poder para vender o lugar de *Vilarsal* (hoxe *Vilasal*) da parroquia de Anxeriz.

O substantivo *vilar* tivo un alto rendemento na toponimia, mostra do cal é a existencia destes catro lugares co mesmo nome neste concello. Por esa razón, tamén o apelido *Vilar* e a súa forma castelanizada *Villar* están estendidos por toda Galicia; porén, en Tordoia ningunha das dúas formas é moi frecuente.



O Vilar

Vilarbó

Lugar da parroquia de Santaia de Gorgullos

Este topónimo é un composto do substantivo *vilar* (véxase *Vilar*, *O*) e o adxectivo *bo* (do latín *BONUS*), modificador que fai referencia á calidade do lugar.

O primeiro documento en que atopamos este topónimo é un texto do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de 1536 sobre a venda deste “lugar e casal que se dize de *Villarboo* en Santa Aya dos Gorgullos”. Con todo, hai un texto anterior, de 1262, publicado por Fernández de Viana, do notario compostelán Domingo Pérez, en que, en relación con *Sancte Eolalie de Gurguliis*, se rexistra a cadea onomástica *Martinus Dominici de Villari Malo*, o que nos leva á hipótese de que, se este e outros topónimos mencionados que non puidemos localizar corresponden a esta parroquia, ou ben existiu un *Vilarmao* na zona que se contraponía a este *Vilarbó* ou ben houbo unha retonomización por considerar desfavorable o primeiro.

Só atopamos outro *Vilarbó* no concello de San Sadurniño, pero estes topónimos pódense relacionar con outros que conteñen *bo/boa* como elemento final como *Riobó*, parroquia de Cabana de Bergantiños e lugar en moitos outros concellos, *Castrobó* (Aranga, Cambre e Coristaco) ou *Vigobó* (A Baña); e tamén *Insuaboa* (A Laracha) ou talvez *A Altiboa* (véxase) no propio concello de Tordoia.

Vilarchán

Lugar da parroquia de Cabaleiros

Este topónimo está composto polo substantivo *vilar* (véxase *Vilar, O*) e o adxectivo *chan* (do latín PLANUM), e describe a orografía do lugar.

En Vilarchán está asinado un documento de 1538, gardado no Arquivo da Catedral de Santiago, polo que un veciño de Cabaleiros vende as herdades que posúe en parroquias do actual concello de Val do Dubra. Neste mesmo arquivo gárdase un foro do ano 1591 sobre o lugar de *Bilarchao* da parroquia de *San Xiao dos Cavaleiros*.

O NG rexistra *Vilarchán*, ademais de en Tordoia, nos concellos de Guitiriz, Cerdedo e Ponte Caldelas. A variante central e oriental *Vilarchao* denomina lugares dos municipios de Sobrado, A Fonsagrada, Coles, O Pereiro de Aguiar e Trasmiras. Das dúas formas proveñen os respectivos apelidos *Vilarchán* e *Vilarchao*, aínda que en Tordoia non se rexistran.

Vilartarreo

Lugar da parroquia de Santaia de Gorgullos

Vilartarreo é outro composto con *vilar* (véxase *Vilar, O*) como núcleo e, neste caso, *tarreo* como modificador. Este segundo elemento do composto, variante fonética de *terreo* (< do adxectivo latino *terrenus*, -a, -um ‘formado de terra’), podería ter varias orixes: ser adxectivo coma en latín e co mesmo significado; un sinónimo de *terreño*, isto é, ‘dunha soa planta’; un substantivo e referirse a unha herdade ou propiedade de grande extensión; ou, finalmente, designar unha extensión de labradío, polo que habería que pensar na elisión da preposición dunha locución previa: *Vilar (de/do) Terreo*.

O primeiro rexistro que atopamos deste lugar é do ano 1544 no Arquivo Histórico da Universidade de Santiago; nel arréndase, entre outros o lugar *que se dize de Vilar Tarreo*, na parroquia de *Santa Aya dos Gorgullos*.

Con esta forma *tarreo* aparece tamén nos nomenclátors antigos e só se modificou no último, polo que, por tradición gráfica, proponse a restitución da forma histórica para as próximas edicións.

O topónimo *Vilartarreo* non se repite en ningún outro lugar de Galicia.

Vilasal

Lugar da parroquia de Anxeriz

Bascuas cre que se debe desbotar calquera posible relación coa palabra *sal* e considera este elemento unha continuación do hidrónimo **Sal-*, indoeuropeo, co significado de ‘sal’, ‘sucio’ ou ‘auga axitada’. Tamén considera que o primeiro rexistro deste topónimo podería ser a secuencia *Villar a Sal*, datada en 1199, e propón como étimo para **UILLARE AD SALE*, é dicir, ‘o vilar xunta ao río’.

Xa que é topónimo único, que non se repite, pode ser probable que o lugar sexa o que forma parte da cadea onomástica *Afonso de Vilasar* (*escrivano de noso señor el Rey*) que contén un documento do convento de San Domingos de Viveiro do ano 1462. Con esta mesma forma figura nunha renuncia aos dereitos sobre este lugar de *Bilasar* que se recolle nun texto de 1575 do Arquivo da Catedral de Santiago.

Coas variantes *Vilar-sul* (sic), *Vilarsal*, *Vilar-sar*, *Vilaresal* e *Vila-sal* rexístranse catro documentos datados entre os anos 1549 e 1569, pero todos trasladados pola mesma man en 1569; tamén *Bilarsal*, nesta forma máis próxima ao étimo, aparece nunha escritura de 1565. Todos estes textos gárdanse no Arquivo Histórico da Universidade de Santiago e poderían demostrar que, aínda na época, se daba unha vacilación na pronuncia do nome de lugar.

Non o encontramos no Catastro de Ensenada nin nos Expedientes de comprobación posteriores (1761-1764). No dicionario de Madoz parece que xa se perdera definitivamente o *-r* do que supoñemos o elemento orixinario, *vilar*, pois figura como *Belesal*, no nomenclátor de 1864 vén rexistrado como *Vilasal* e así se mantén ata os nomenclátors da actualidade.

A pesar de formas como *Bilasar* e *Belesal*, as máis antigas, con *V-*, descartan que sexa unha variante de *Belesar* (topónimo en Chantada, O Incio, Lugo, O Saviñao e Coles), xenitivo do nome persoal *Belisarius*, de orixe xermánica.

Vilela

Entidade menor da parroquia de Cabaleiros

Proven de VILLÉLLA, un diminutivo do latín *villa* ‘casa de campo’ (véxase *Viladabade*) co sufixo *-ëlla*. Hoxe non está considerada entidade de poboación independente, senón parte de Seixán, pero xa se documenta a súa existencia polo menos no século XVI, nun contrato de venda de 1581, conservado no Arquivo da Catedral de Santiago, entre Juan Martínez e a súa muller Inés Baleato, de Cabaleiros, e Gonzalo Doa e María Calvo, da mesma vecindade, do *lugar de Bilela con todas sus casas y casares*.

Hai máis de dúas mil ocorrencias do apelido *Vilela* en Galicia, pero en Tordoia non se rexistra.

Vimieira, A

Lugar da parroquia de Viladabade

Vimieira é un dos nomes que recibe a especie *Salix viminalis*, de cuxas pólas flexibles se obteñen os vimbios. Proven do latín *vimen* ‘póla flexible, vimio’, a través do acusativo (VIMĪNE-), co sufixo *-ARIA*.

Xa que é un topónimo único, é probable que se refira a este lugar o da cadea onomástica *Gonçalvo de Vimieira*, datado en 1409, nun texto da colección documental do mosteiro de Santiago de Mens.

Bibliografía

- Bascuas López, E. (2002). *Estudios de hidronimia paleoeuropea gallega. Verba: Anuario Galego de Filoloxía. Anexo 51*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Bascuas López, E. (2006). *Hidronimia y léxico de origen paleoeuropeo en Galicia*. A Coruña: Edicións do Castro.
- Bascuas López, E. (2014). *Novos estudos de hidronimia paleoeuropeo galega*. Vigo: Universidade de Vigo.
- Boullón Agrelo, A. I. (1999). *Antroponimia medieval galega (séculos VIII-XII)*. Tübingen: Niemeyer.
- Carreras y Candi, F. (dir.) (1980). *Geografía general del Reino de Galicia*. 13 vols. La Coruña: Ediciones Gallegas. Vols. VIII-IX. Edición facsimilar.
- Corominas, J. e Pascual, J. A. (1980-1991). *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. 6 vols. Madrid: Gredos.
- Fernández de Viana y Vieites, J. I. (2007). Cinco documentos del notario compostelano Domingo Pérez. En: M.^a del Val González de la Peña, ed. *Estudios en memoria del profesor Dr. Carlos Sáez: Homenaje*. Alcalá de Henares: Universidad de Alcalá, 319-326.
- Madoz, P. (1846-1850). *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar: Galicia*. 2^a ed. Madrid: [s.n.] (Establecimiento tipográfico de P. Madoz y L. Sagasti).
- Martínez Lema, P. (2010). *A toponimia das comarcas de Bergantiños, Fisterra, Soaneira e Xallas na documentación do tomo de Toxos Outos (séculos XII-XIV)*. Tese de doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela.
- Moralejo Álvarez, J. J. (2008). *Callaica Nomina. Estudios de onomástica gallega*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Moralejo Lasso, A. (1977). *Toponimia gallega y leonesa*. Santiago de Compostela: Pico Sacro.
- Navaza, G. (2006). *Fitotoponimia galega*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Pazo Labrador, A. J. (1987). *Geografía rural del municipio de Tordoya*. Tordoya: Ayuntamiento de Tordoya.

Piel, J. M. e Kremer, D. (1976). *Hispano-gotisches Namenbuch*. Heidelberg: Carl Winter (HgNb).

Santamarina, Antón (2008). A pegada relixiosa na toponimia galega. I. Edificios relixiosos. En: X. L. Axeitos, E. Grandío Seoane e R. Villares, eds. *A patria enteira. Homenaxe a Xosé Ramón Barreiro Fernández*. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Real Academia Galega / Universidade de Santiago, 935-949.

Recursos electrónicos

AHUS = Universidade de Santiago de Compostela (2017). *Arquivo Histórico Universitario*. Dispoñible en <https://arquivo.usc.es/ahus2/index>

CAG = Instituto da Lingua Galega (2006). *Cartografía dos apelidos de Galicia*. Dispoñible en <https://ilg.usc.es/cag/>

Catedral de Santiago (2017). *Arquivo da Catedral de Santiago*. Dispoñible en <http://catedraldesantiago.es/gl/cultura/#arquivo>

CODOLGA = Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (2004). *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae*. Dispoñible en <http://corpus.cirp.es/codolga/>

DdD = Instituto da Lingua Galega (2006). *Dicionario de Dicionarios*. Dispoñible en <http://sli.uvigo.es/DdD/>

DRAG = Real Academia Galega (2006). *Dicionario da Real Academia Galega*. Dispoñible en <https://academia.gal/diccionario>

Forebears (2012-2021). *Search for Meanings & Distribution of 31 Million Surnames*. Dispoñible en <http://forebears.io/surnames>

Galiciana = Xunta de Galicia (2014). *Galiciana. Arquivo dixital de Galicia*. Dispoñible en <http://arquivo.galiciana.gal/arpadweb/gl/inicio/inicio.do>

GMH = Consello da Cultura Galega (2015). *Gallaecia Monumenta Historica*. Dispoñible en <http://gmh.consellodacultura.gal/nc/>

IGE = *Instituto Galego de Estatística*. Dispoñible en <http://www.ige.eu>

ITGM = Instituto da Lingua Galega (2008). *Inventario Toponímico da Galicia Medieval*. Dispoñible en <http://ilg.usc.es/itgm>

NG = Xunta de Galicia (2004). *Nomenclátor de Galicia*. Dispoñible en <http://www.xunta.es/nomenclator/busca.jsp>

PARES = Ministerio de Cultura. *Portal de Archivos Españoles. PARES*. Dispoñible en <http://pares.culturaydeporte.gob.es/inicio.html>

TMILG = Instituto da Lingua Galega (2018). *Tesouro informatizado da lingua galega*. Dispoñible en <http://sli.uvigo.es/TILG/index.html>

Índice

Introdución	5
Explicación dalgúns termos	9
Parroquias e lugares do concello de Tordoia	11
Formas comentadas	15
Abeleira, A	15
Abeleiras, As	15
Aboi	16
Abongo	16
Abres	17
Albán	17
Altiboa, A	18
Ambroa	18
Andoio (San Mamede)	19
Anxeriz (Santa Mariña)	19
Arcai	20
Arcai de Abaixo	20
Areosa, A	21
Baldaio	21
Balsa, A	22
Baluga, A	22
Bardaos (Santa María)	23
Barral, O	23
Batán, O	24
Bedrobe	24
Belvís	24
Borreiros	25
Bouzamerelle	26
Bouzarán	26
Bouzas, As	27
Brandarís	27


Brandoñas de Abaixo	27
Brandoñas de Arriba	28
Buba, A	28
Buño	29
Burgán	29
Cabaleiros (San Xián)	30
Cabanelas	31
Campo da Feira, O	31
Campo de Arriba, O	31
Campo de Millo	32
Campo Soandres	32
Candendo, O	32
Carballadrade	32
Carballal, O	33
Carballeira de Abaixo, A	34
Carballeira de Arriba, A	34
Carballo Verde	34
Carroucho, O	34
Casa da Moura, A	35
Casais	36
Casal da Devesa, O	36
Casal, O	36
Casaldabade	37
Casas Novas, As	37
Castenda da Torre (Santa María)	37
Castiñeiro, O	38
Castrillón	38
Castro	38
Castro, O	39
Cerdeiras, As	39
Cián, O	40
Codesal, O	40
Costa, A	40
Costa do Muíño, A	41
Croto, O	41
Cruxeira, A	41
Cruz, A	42
Cruz do Carballal, A	42

Dubra	43
Eirexe, A	43
Empalme, O	44
Folgueira de Abaixo, A	44
Folgueira de Arriba, A	44
Folgueira, A	44
Fontaiñas, As	45
Fontán, O	45
Forca, A	45
Formarigo	46
Fornelos	46
Frixoi	47
Guillufe	47
Lengüelle	47
Leobalde (San Cristovo)	48
Lestido, O	48
Liñariño, O	49
Liste	49
Malvares	49
Medorra, A	50
Méixome	50
Monte Vello, O	51
Nabal Vello, O	51
Niño do Corvo	51
Nogueira, A	52
Numide (Santiago)	52
Oleiros	53
Outeiro, O	54
Paínza, A	55
Paradela	55
Paraños, Os	56
Pazo	56
Pazos	56
Pazos, Os	56
Pedra Longa, A	57
Pedrasalgueira, A	58
Pedregais, Os	58
Pedrouzo, O	59

Pelados, Os	59
Penedo, O	59
Penelas	60
Pereira, A	60
Pereiro Vello, O	60
Petón, O	61
Picota, A	61
Piñeiro	62
Pintán	62
Pispieiro	63
Pobanza, A	63
Pontepedra, A	64
Pontes, As	64
Pontraga, A	64
Portociños	66
Pousadoiro, O	67
Rabo de Lobo	67
Raña	68
Rapadoiro, O	68
Reboredo	68
Rego, O	69
Regueiro, O	69
Revolta, A	70
Ribeiro, O	70
Saboi	71
Salgueiroas	71
Samede	71
Santaia de Gorgullos (Santaia)	72
Santaia	72
Santiavedra	73
Sares	74
Seixán	74
Soufe	74
Tablilla, A	75
Tañe	75
Tarroeira	76
Tercio de Abaixo, O	76
Tercio de Arriba, O	76






Tibiáns	77
Tordoia (San Xoán)	77
Torna, A	77
Torre, A	78
Uces, As	78
Viladabade (San Cibrán)	79
Vilaescuro	79
Vilamartín	80
Vilaprego	80
Vilar	81
Vilar, O	81
Vilarbó	82
Vilarchán	83
Vilartarreo	83
Vilasal	83
Vilela	84
Vimieira, A	84
Bibliografía	85
Recursos electrónicos	86
Índice	87

CONCELLO DE TORDOIA



LENDA

SIMBOLOXÍA

-  Límite municipal
-  Límite parroquial
-  Curso fluvial
-  Encoro
-  Estrada

TOPÓNIMOS

-  Lugares
-  Entidades menores
- PARROQUIAS**
- Montes**
- Hidrografía**
-  Dolmen / Anta



REAL ACADEMIA GALEGA



Sección de Lingua / Seminario de Onomástica

A colección Terra Nomeada da Real Academia Galega e a Asociación Galega de Onomástica ten como obxectivo recompilar e estudar os nomes de lugar dos concellos de Galicia xunto cos principais accidentes xeográficos da zona. Saber cal é a motivación e o significado dos nomes dos sitios onde vivimos e de onde vimos, onde naceron os nosos devanceiros e que acollerán os nosos fillos, faranos máis conscientes da relación co noso pasado, de como se conformou a nosa sociedade, de como é a natureza en que habitamos, a súa fauna e as plantas. Significará identificármonos mellor como sociedade e como pobo e tamén como individuo, pois todos temos a nosa propia vinculación sentimental cos nosos lugares.

Toponimia de Tordoia é unha adaptación do Traballo de Fin de Grao de Lidia Gómez Martínez, dirixido por Ana I. Boullón Agrelo e presentado no ano 2018 na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela. A autora formou parte tamén, como técnica do Seminario de Sociolingüística da RAG, de proxectos como *Avaliación da competencia bilingüe nos idiomas galego e castelán do alumnado de 4º da ESO (2020)* e o *Mapa sociolingüístico escolar de Ames (2021)*. Luz Méndez, académica correspondente e presidenta de AGOn, é autora nesta mesma colección da *Toponimia de Agolada*.



Asociación Galega de Onomástica



REAL
ACADEMIA
GALEGA



Deputación
DA CORUÑA



Asociación Galega
de Onomástica